

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 12 de decembro de 2023 segundo borrador da sesión de data 23 de novembro de 2023.

Esténdese a presente dilixencia para constancia, coa sinatura dixital do Sr. Alcalde-Presidente e do Secretario municipal.

Visto e prace
(Asinado dixitalmente)

O secretario municipal
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. Cristina Pardo Portos
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. Marta María Iglesias Becerra
D^a. María Penélope López Díaz
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez

Grupo municipal do PP:

D^a. Izaskun García Gorostizu
D. Marco Antonio Pazos Regueiro

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

D. Juan Carlos Leites Maneiro
D. José Antonio Golpe Faraldo
D^a. Vanesa Fernández González
D. Antonio Bouza Teijeiro
D. Manuel Núñez Seoane

Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera
D. Gonzalo Méndez Mosqueira
D. Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez

Grupo municipal AA.VV.:

D^a. Indrani Thais Palla Maceiras
D. Miguel Fraga Pulleiro

Secretario:

D. Javier Varela Tejedor (secretario accidental)

Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

C.I.F. P-1503100-H

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás vinte horas (20:00 h) do día trinta e un de outubro de dous mil vinte e tres (31/10/2023), reúnese en sesión ordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto por resolución núm. 2046 do 26/10/2023, as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario xeral accidental e pola Interventora municipais.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES:

*** ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 26 DE SETEMBRO DE 2023 (doc. USG178051X).**

Sometido a votación, por unanimidade dos seus membros (21), o Pleno municipal aproba a acta da sesión ordinaria celebrada o 26/09/2023.

*** ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE CELEBRADA O 9 DE OUTUBRO DE 2023 (doc. USG17I05AS)**

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

Sometido a votación, por unanimidade dos seus membros (21), o Pleno municipal aproba a acta da sesión extraordinaria urxente celebrada o 09/10/2023.

2.- DECLARACIÓN DO 31 DE OUTUBRO DE 2023, DÍA DA HOMENAXE E RECORDO A TODAS AS VÍTIMAS DO GOLPE DE ESTADO, A GUERRA E A DITADURA. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL (registro de entrada núm. 2023/11366 do 25/10/2023)

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que o goberno municipal decidiu retirar a declaración que se presenta neste punto por falta de consenso e tratarán de traela na vindeira sesión ordinaria consensuada por todos os grupos que conforman a Corporación municipal.

3.- MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS, MEDIANTE A BAIXA DO CONCEPTO 913 ENDEBEDAMENTO, E A ALZA, NA SÚA SUBSTITUCIÓN, DO CONCEPTO 870.00 REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (expediente UEH/2023/29) (CIP 26/10/2023)

A Presidencia somete a debate e votación ordinaria do Pleno municipal a proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Urbanismo, de data 19 de outubro de 2023 (código de documento UEH17I007Z), que consta no expediente electrónico UEH/2023/29. Dita proposta foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa Permanente de Presidencia do 26/10/2023, punto 2 da orde do día.

A continuación intervén a concelleira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra, e indica que o que se propón é a modificación do orzamento de ingresos substituindo a operación de endebedamento a longo prazo por remanente de tesourería na contía de 2.748.766,25 euros; que a liquidación do orzamento do ano 2022 aprobouse cun remanente de tesourería positivo de 13.474.708,78 euros e que unha parte se utilizou para incorporar créditos do ano pasado e o resto, nunha contía de 2.748.766,25 euros, tal e como xa estaba previsto na aprobación do orzamento, proponse adicala a financiar investimentos previstos para o ano 2023; co cambio de financiamento que se propón o que se pretende é executar o presuposto do 2022 tal e como estaba, sen endebedar aos veciños.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo pensa que a proposta de ampliar o orzamento facendo unha modificación da fonte de ingresos que se presenta neste punto vén escasa de información porque non se presenta unha liquidación de como están os orzamentos executados neste momento e dá unha idea de por que hai que acudir a isto a dous meses de rematar o exercicio. Fixo unha consulta no perfil do contratante de Culleredo e viu que no 2023 hai só tres expedientes abertos

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

C.I.F. P-1503100-H

de obras cando o anexo de investimentos recollía 51 partidas para obras, parecendo que o goberno municipal segue a querer encher o saco para ir gastando á súa maneira, negando a participación veciñal e non recollendo as necesidades da veciñanza, negándose no seu momento a achegarlle á oposición a relación completa das propostas veciñais e quedando soamente sobre o papel a idea do goberno municipal de facer un orzamento plenamente participativo. Cada vez que se presenta a Conta xeral vese un orzamento totalmente descoñecido pois o goberno municipal modifica as partidas dun lado para outro, metendo partidas que estaban para gastos previsibles noutros destinos. Di que na comisión informativa foron duros co ditame e non o apoiaron e que agora queren reconsiderar a valoración que fixeron e polo tanto, neste punto, que trata de cambiar a orixe do financiamento, vanse abster e permitir que o equipo de goberno dispoña de 2.700.000 euros para gastos e investimentos aínda que, desa cantidade, unha vez retirados os 800.000 euros que van no punto número 4 da orde do día desta sesión, no que se suplementan partidas dunha en unha, con nomes e apelidos, os 2.000.000 restantes non levan nin nome nin apelidos; que xa preguntaron na Comisión a que gastos e a que investimentos se van adicar eses dous millóns de euros pois faltan só dous meses para rematar o exercicio e non vai ningunha partida, por exemplo, para a rúa Miguéas, que estaba contemplada, non sabendo se a dita cantidade contempla esta obra ou non. Pídelle ao goberno municipal que á hora de gastar eses 2.000.000 de euros prioricen destinalo a aquelas partidas recollidas no anexo de investimentos que se aprobou no orzamento a principios de ano como por exemplo a remodelación de vias na parroquia de Rutis, respecto de partidas como o PXOM porque parece que a empresa que non deu rematado o PXOM tampouco cobrou todo; que prioricen o itinerario peonil e ciclista desde o polígono industrial de Alvedro ao núcleo de Alvedro, ou a renovación de pavimentos e asfaltados na parroquia de Rutis fronte á mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro pois, aínda que sexa mellorable, hai outras zonas con maiores deficiencias; ou que prioricen as melloras de accesibilidade e reurbanizacións nos núcleos de Vinxeira, Orro, Boedo, Celas e Bregua, ou a mellora da seguridade viaria no entorno do CEIP e Polideportivo de Tarrío, ou a renovación de prazas en Tierno Galván, fronte á cubrición e renovación do parque de As Brañas que non deixa de ser un brindis ao sol da chapuza feita alí da que non se deu ningunha explicación e na que se gastaron uns cartos que acabaron no chan e no que, aínda por riba, se pagaron 40.000 euros para retiralo; ou que prioricen a instalación de redes de saneamentos en Castelo, Boedo, Celas, Sueiro, Sésamo, Rutis e O Burgo, ou a reposición de elementos en parques e xardíns, ou as obras de arranxo nos CEIPs, fronte ao investimento en compra de locais que é outro brindis ao sol destinando 500.000 euros para a compra de locais sen saber moi ben para que; ou priorizar as actuacións en pistas polideportivas fronte ao acondicionamento do edificio "C" da fábrica da CROS, por exemplo, que parece ter unha finalidade distinta ao uso público. Di que entenden que é fundamental que prospere esta proposta para que prospere a proposta que se presenta no punto 4, onde aparecen explicitadas as partidas e da que falará no seu momento, aínda que quere anticipar que lles custa crer o que se comenta sobre a falta de material, podéndose ler na memoria do servizo de Educación un comentario dunha funcionaria do Concello que di "Necesítase material tanto de uso diario que o Concello non aporta por falta de existencias como fundas plásticas, carpetas,

4 de 64

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

follas de plastificación, etc, así como material específico para eventos e exposicións, cartón pluma, pegamento en spray, cinta de carroceros, cinta de dobre cara e bridas”.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que agradece o sentido do voto do BNG de Culleredo e que coincide plenamente coas matizacións feitas polo Sr. Chouciño pero que non se poden introducir no perfil do contratante máis obras das que se ven porque se está pendente da aprobación deste punto da orde do día; respecto da Rúa Miguéas di que hai unha partida no orzamento denominada “Renovación de pavimentos en estradas municipais”, por importe de 750.000 euros, onde estarían incluídos investimentos para obras como as que o Sr. Chouciño vén de mencionar na súa intervención; di que as obras que el ten sulinado no seu listado coinciden practicamente na súa totalidade coas descritas polo voceiro do BNG xa solicitadas en anteriores plenos como as obras de arranxo nos CEIPs que se teñen que facer no período de vacacións de Nadal e nalgunhas pontes e xa está programado facer actuacións así como adquisición de instrumentos para o Conservatorio, actuacións en pistas polideportivas, en instalacións deportivas, equipamentos e outras, todas elas cuestións de primeira necesidade nas que coinciden plenamente co exposto polo Sr. Chouciño Garrido na súa intervención.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que no mes de marzo deste ano, fai sete meses, aprobouse un orzamento anual para o Concello de Culleredo de 34,5 millóns de euros, sacando peito o Sr. Alcalde en prensa por uns orzamentos que o Partido Popular de Culleredo denunciaba como ficticios e que foron aprobados pola maioría absoluta do PSOE nesa lexislatura, sen ter en conta os orzamentos participativos. Que 7,5 millóns de euros destinados aos investimentos do Concello viñan do endebedamento porque o goberno municipal deixara sen recursos ao capítulo 6 de investimentos ao aumentar considerablemente partidas do gasto corrente. Agora o goberno municipal pide substituír a débeda por remanente de tesourería e que, dos 7,4 millóns de euros destinados a investimentos, 2,8 millóns veñan do aforro dos veciños; pregunta por que o goberno municipal tivo que acudir ao endebedamento, a solicitar un crédito, para poder executar case o 90% dos investimentos, e di se sería porque no mes de maio celebráronse eleccións municipais e parece que ao equipo de goberno o que lle preocupaba ao aprobar os orzamentos era gañar as eleccións municipais, nas que levaron a sorpresa da falta de apoio veciñal, sen acadar os resultados que agardaban, algo que aínda non asimilaban; que os veciños de Culleredo decidiron, cos seus votos, que na actual lexislatura o PSOE de Culleredo tería que chegar a acordos coa oposición para sacar adiante proxectos pero o PSOE de Culleredo segue a pensar que o Concello de Culleredo é o seu casarío e hoxe traen ao Pleno a proposta que se presenta neste punto sen ter sido consensuada previamente. Pregunta como o goberno municipal agarda que se aprobe a proposta que parte duns orzamentos ficticios aparentemente deseñados para gañar unhas eleccións electorais e lle di ao Sr. Alcalde que se quere o apoio do grupo municipal do Partido Popular a proposta que se presenta deberá ser consensuada previamente e deberá haber unha negociación, e que se se trata dunha modificación orzamentaria e do capítulo de investimentos, deberá amosarlles as

5 de 64

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

demandas que se recibiron dos veciños e das asociacións para coñecer que porcentaxe desas demandas se recolleron no capítulo 6; di que necesitan saber o estado en que se atopa cada expediente, cada proxecto, para que o seu Grupo poida decidir e avanzar nos proxectos nos que se compromete cos veciños; di que dos 7,5 millóns de endebedamento para financiar o 90% dos investimentos no 2023 o goberno municipal pide modificar a fonte de financiamento en 2,8 millóns e pregunta que pasa co resto dos cartos e se se pedirá un crédito ao banco pola diferenza, se unicamente se executarán investimentos por ese importe, e se é así, cales serán eses investimentos e se serán os que decida o goberno municipal, se é para a licitación de proxectos novos ou para poder sacar adiante as obras do POS que tiñan unha parte de financiamento municipal e para as que non hai crédito, se é por iso polo que non están licitadas as obras do POS ou se é para a compra dos terreos de Fonte da Balsa e se ese é o motivo polo que está parada a licitación desde antes das eleccións, se é para a nova cuberta da praza das Brañas que segue sen arranxarse e sen solucionarse o problema, ou para o arranxo do edificio da Cross para facer unha piscina, ou se é para servizos básicos como o arranxo das estradas pois dan pena as estradas municipais, ou se o que pretenden é que, como a aprobación do remanente é no último trimestre do ano, pase directamente ao 2024 e dispoñer de case 3 millóns de euros para gastar no que o goberno municipal queira.

C.I.F. P-1503100-H

Di que o Partido Popular de Culleredo non pode apoiar un cambio de financiamento xenérico sen partidas concretas porque coa incompetencia do goberno municipal, coa súa falta de xestión demostrada, non se pode aprobar unha bolsa de case 3 millóns de euros para gastar no que o goberno municipal queira tras presentar unha definición tan xenérica das partidas. Di que o seu Grupo intentou coñecer en que investimentos se vai gastar este remanente e non foron capaces de obter unha resposta clara; di que o seu Grupo non quere votar en contra da proposta por responsabilidade pero que, vendo como segue actuando o goberno municipal, cren que deben sentar as bases para o resto da lexislatura e, a pesar de que o BNG xa anunciou a súa abstención neste punto e polo tanto posibilita a súa aprobación, o que propón o Partido Popular de Culleredo é que este punto quede sobre a Mesa, sen votar, e que o equipo de goberno se reúna cos grupos da oposición para consensuar as partidas concretas ás que se destinará este remanente e, desa maneira, poder votar en consecuencia, pois do contrario estarán obrigados a votar en contra.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que unha cuestión é o orzamento que hai que negociar cara ao vindeiro ano 2024 e outra diferente é o orzamento que xa está aprobado para o ano 2023; que o que o goberno municipal presenta neste punto é un cambio de financiamento que xa estaba incluído nas bases do orzamento os investimentos que xa estaban incluídos no orzamento e que ben relatou o voceiro do BNG sen que se poidan incluír novas partidas porque xa no orzamento aprobado se recollía que unha vez incorporados os remanentes se destinarían a eses investimentos, necesidades prioritarias para os veciños como o estado das estradas e demais; di que nas partidas que se recollen con carácter xenérico están recollidas moitas das solicitudes feitas pola veciñanza, como actuacións na biodiversidade, asfaltado de diferentes vías ou remodelación de vías na parroquia de Rutis, como a remodelación da avenida da Corveira e

6 de 64

| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

transformación de toda esa zona, incluída nunha partida de 322.105,99 euros, instalacións de alumado público, reposición de redes de saneamento, instalación de redes de saneamento en Castelo, Boedo, Celas, Sésamo, Sueiro, Rutis e O Burgo, nas que están traballando as asistencias técnicas para poder levalas a cabo cunha partida de 350.000 euros, todos servizos básicos para os veciños, sen meterse noutras cuestións como a Cross, ou a piscina, adiantando que a pasada semana, na Deputación provincial, aprobouse unha partida de cre que 800.000 euros destinada á Cross polo que entre todos os grupos da Corporación municipal terán que decidir o destino que se lle vai dar a eses cartos; nas próximas semanas poñerá a disposición de toda a Corporación as propostas veciñais de cara a configurar o orzamento para o ano 2024.

A Sra. García Gorostizu intervén novamente e di que van quedar partidas sen executar e que, polo tanto, o goberno municipal tería que terse reunido cos grupos da oposición para, consensuadamente, decidir os investimentos e as prioridades.

O Sr. Alcalde di que xa vén de dicir que se van dedicar a servizos básicos.

A Sra. García Gorostizu di que se o goberno municipal pretende chegar a un acordo ou a unha abstención hai que sentarse previamente e non decidilo no salón de plenos.

C.I.F. P-1503100-H

O Sr. Chouciño Garrido di que o Sr. Alcalde mete sempre algunha pulla no medio das súas intervencións e nesta ocasión di por exemplo que xa hai partidas para asfaltado e lle di que precisamente o BNG se refire a iso, a que o nivel de detalle das partidas ten que ser máis concreto, algo que indica xa a interventora nos informes á hora de aprobar o orzamento, indicando que se necesita unha maior concreción das partidas explicando que importe vai adicado a cada rúa porque o contrario lle vai permitir e lle permitiu ata o de agora facer o que consideren oportuno.

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria; **con oito (8) votos a favor**, os dos representantes do grupo municipal do PSdG-PSOE, **sete (7) votos en contra**, os dos representantes do Grupo municipal do Partido Popular; **e seis (6) abstencións**, as dos representantes dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Alternativa dos Veciños (2), **o Pleno municipal acorda:**

Modificar o orzamento de ingresos aprobado para o ano 2023, do seguinte xeito:

| | | |
|-------------------|--|------------------|
| Concepto 91300 | Préstamos recibidos de fora do sector público, a l/p | - 2.748.766,25 € |
| Concepto 87000 | Remanente de tesouraría para gastos xerais | + 2.748.766,25 € |

4.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO, FINANCIADO CO RLT PARA GASTOS XERAIS DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022; APROBACIÓN INICIAL (UEH/2023/28) (CIP 26/10/2023).

A Presidencia somete a debate e votación ordinaria do Pleno municipal a proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Urbanismo, de data 19 de outubro de 2023 (código de documento UEH17I0083), ditaminada favorablemente na Comisión Informativa Permanente de Presidencia do 26/10/2023 (punto 3 da orde do día), que consta no expediente electrónico UEH/2023/28 e que transcrita literalmente di:

«PROPOSTA

Aprobación inicial dun expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito

Tendo en conta a existencia de diversas necesidades de actuación que se puxeron de manifesto nas correspondentes memorias xustificativas e que non se poden demorar ao exercicio orzamentario seguinte é necesario o incremento do orzamento de gastos xa que o crédito existente é insuficiente e non ampliable nas partidas orzamentarias con cargo ás que se deben aprobar tales actuacións.

C.I.F. P-1503100-H

Considerando o disposto ao respecto dos créditos extraordinarios e os suplementos de crédito no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2007, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e o seu desenvolvemento regulamentario nos artigos 35 e seguintes do Real Decreto 500/90.

Considerando a suspensión das limitacións ao emprego do remanente de tesouraría como fonte de financiamento de novos gastos e tendo en conta que a liquidación do orzamento do exercicio de 2022 reflicte un remanente de tesouraría para gastos xerais por importe de 13.474.708,78€, dos que están dispoñíbeis para utilizar como fonte de financiamento de novos gastos a cantidade de 3.797.640,14€.

En base a todo o cal e visto o informe de control financeiro emitido pola Intervención municipal, propónse a aprobación do seguinte ACORDO:

Primeiro.- A aprobación inicial dun expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito, segundo o seguinte detalle:

1.1. Suplemento de crédito das seguintes aplicacións orzamentarias cuxa consignación precisa ser incrementada, por resultar o previsto insuficiente:

| Aplicación orzamentaria | | Importe suplemento de crédito |
|--------------------------------|-------|--------------------------------------|
| 132 | 15100 | 105.000,00 € |
| 320 | 21200 | 35.000,00 € |
| 320 | 22799 | 40.000,00 € |

| | | |
|------|-------|--------------|
| 320 | 22300 | 3.000,00 € |
| 323 | 21300 | 3.000,00 € |
| 323 | 22199 | 2.000,00 € |
| 3241 | 22199 | 5.000,00 € |
| 3241 | 22799 | 1.500,00 € |
| 3341 | 22000 | 5.000,00 € |
| 3341 | 22609 | 135.000,00 € |
| 338 | 20300 | 56.000,00 € |
| 338 | 22799 | 20.000,00 € |
| 341 | 22699 | 24.000,00 € |
| 433 | 22799 | 121.000,00 € |

1.2. Crédito extraordinario nas seguintes aplicacións orzamentarias que deben de ser asignadas para a realización dos gastos que se especifican:

C.I.F. P-1503100-H

| Aplicación orzamentaria | | Importe crédito extraordinario |
|--------------------------------|-------|---------------------------------------|
| 320 | 62900 | 15.100,00 € |
| 323 | 21200 | 25.000,00 € |
| 3241 | 22000 | 1.500,00 € |
| 3241 | 22706 | 15.960,00 € |
| 3341 | 20500 | 25.000,00 € |
| 3341 | 21500 | 6.000,00 € |
| 3341 | 22001 | 2.376,23 € |
| 3341 | 22100 | 15.000,00 € |
| 3341 | 62900 | 40.000,00 € |
| 342 | 20200 | 19.000,00 € |
| 342 | 22199 | 5.000,00 € |
| 342 | 22699 | 18.156,84 € |
| 342 | 62300 | 55.000,00 € |
| 135 | 15100 | 45.000,00 € |
| 2411 | 15100 | 4.100,00 € |
| 3241 | 15100 | 11.335,44 € |
| 920 | 15100 | 13.100,99 € |

1.3. Co seguinte financiamento:

| | |
|----------------------|--------|
| Concepto de ingresos | 870.00 |
|----------------------|--------|

| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

| | |
|----------------|---|
| | <i>Remanente de tesouraría para gastos xerais</i> |
| <i>Importe</i> | <i>872.129,50 €</i> |

Segundo.- Expoñer ao público por espazo de 15 días, previo anuncio no boletín oficial da provincia, o devandito expediente, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Si durante do mencionado prazo non se presentasen reclamacións, o suplemento de crédito e o crédito extraordinario consideraranse definitivamente aprobados.»

A continuación intervén a concelleira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra, e indica que tal como se puxo de manifesto no punto anterior a liquidación do orzamento do ano 2022 aprobouse cun remanente de Tesourería positivo de case trece millóns e medio de euros. Desa cantidade unha parte utilizouse para incorporar créditos do ano pasado e, tendo en conta que as áreas nos distintos servizos puxeron de manifesto a necesidade de facer una serie de actuacións de aquí a finais de ano para as que se precisa unha maior consignación presupostaria, propónse a aprobación dun expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito por importe de 872.129,50 euros. Na proposta inclúese unha consignación específica para gratificacións extraordinarias. A modificación débese a un cambio de criterio na Intervención municipal xa que tanto a anterior interventora como a actual estiveron fiscalizando que, habendo crédito na vinculación xurídica, podían aboarse gratificacións extraordinarias, radicando a diferenza de criterio en que ate o de agora a intervención municipal entendía que o alcalde e a concelleira por delegación podían distribuír as gratificacións e agora a interventora municipal interpreta que a cantidade máxima prevista para gratificacións debe ser fixada polo Pleno.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que os membros do seu Grupo vanse abster na votación desta proposta e vai argumentar os motivos desa abstención, que son os mesmos polos que se abstiveron no punto anterior. Non van votar en contra por responsabilidade política xa que é necesario aprobar o que se propón para poder acometer as obras que se detallan pero lle lembra ao goberno municipal que xa non conta coa maioría absoluta coa que contaba e que é necesario que consensúe as propostas cos grupos da oposición e darlles a posibilidade de achegar propostas e facer valer os seus criterios. Ademais do dito, hai que ter en conta que tal como se detallan as partidas non deixan de ser un caixón de sastre pois non se pode saber con exactitude a que se van adicar os cartos. Nesta ocasión van votar abstención pero de seguir na mesma liña no sucesivo votarán en contra pois consideran que o criterio da oposición debe facerse valer.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o Sr. Alcalde fala de que o orzamento do 2024 tivo en conta as numerosas achegas da veciñanza a través dos distintos canles e engade que iso é o resultado dun traballo do BNG porque o Concello este ano estivo desaparecido e nin tan sequera expuxo na páxina web un anuncio sobre a existencia dun prazo para presentación de propostas; di que a Sra. Marta Iglesias falou das gratificacións e efectivamente trátase dunha partida bastante importante pois vaise case a 100.000 euros; desde o BNG van facer un esforzo de interpretación engadindo que todos os meses hai resolucións nas que se pagan miles de euros en gratificacións á Policía Local porque a plantilla é escasa xa que non se sacan adiante como é debido os procesos selectivos; o BNG insistiu en que se depositaran na Academia Galega de Seguridade Pública os procesos selectivos pero o equipo de goberno non quixo, sen que se saiba por que, e agora viuse como os aspirantes acudiron á Valedora do Pobo para dicir que aquí "cheiraba a chamusco" e presentaron os seus recursos exercendo os seus dereitos; solicita que os próximos procesos selectivos se fagan a través da Academia Galega de Seguridade Pública porque supón axilidade de prazos, aforro de cartos e maior transparencia e conseguir deixar de pagar as horas extra de forma estrutural como se fai todos os meses porque isto vai contra o dereito dos traballadores ao descanso e moito máis.

C.I.F. P-1503100-H

Di que o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo propón unha emenda á proposta que se presenta neste punto porque pese a que ao BNG lle gustaría achegar propostas no expediente figuran seis memorias que habería que analizar con calma e non se presentou co tempo suficiente para poder facelo, ademais de que habería que levar novamente o expediente a ditaminar, algo que non convén polos prazos e deciden darlle á proposta que se presenta neste punto unha carta de validez como punto de partida. Preséntase un suplemento da partida 320-22799, por importe de 40.000 euros, para o desenvolvemento do programa EducaCulleredo 2023-2024 das actividades de apoio ao currículo que se desenvolve en todos os centros educativos: educación ambiental, patrimonial, democrática, de prevención, etc., polo que supón que esa partida se gastaría noutras cousas; ou a partida 320-22300 para desprazamentos en autobús de escolares por seguridades, desde os centros ata os lugares de desenvolvemento das actividades municipais, suplementada con 3.000 euros, supón tamén que porque a partida inicial se gastou noutras cousas debido á posibilidade que dá o nivel de vinculación establecido no orzamento inicial; que están de acordo tamén co suplemento de crédito de 35.000 euros na partida para mantemento e reparación de centros escolares pero comenta que os centros escolares, en todos os concellos que funcionan con un mínimo de normalidade, arránxanse no verán para que o 11 ou o 12 de setembro, cando empeza o curso, estean niquelados, pero en Culleredo dótanse os cartos o día do Samaín; cartos tamén para a conmemoración do aniversario

11 de 64

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

do colexio de Tarrío ou o suplemento de crédito para o funcionamento habitual das escolas, ou para o programa Batutas e Bastóns do Conservatorio, para o que inexplicablemente ata o e agora non contaba con partida ou se se contaba, gastáronse os cartos non se sabe en que; respecto da partida para a contratación dun profesor de fruta e de piano durante 4 meses di que no Conservatorio xa están agardando por el e que debería estar xa contratado polo que é normal que se destinen cartos a iso, así como a elaboración da campaña informativa de Nadal, á sensibilización do 25N, actividades culturais, rutas barítimas, concurso de escaparatismo, etc. Di que o BNG podería establecer outras actividades pero que, xa que están estas establecidas, o normal é que conten con cartos para poder facelas, pero lle resulta moi curioso que a estas alturas, o día do Samaín, se estea dotando cartos para as actividades do Samaín.

Segue relatando os conceptos para os que se dotan partidas pero quere resaltar unha que tamén queren emendar cal é a realización dun busto homenaxe, unha partida de 40.000 euros; pregunta a quen se lle vai facer dita homenaxe e de quen é ese busto e de que material se vai facer para que custe 40.000 euros; roga lle xustifiquen esta partida pois do contrario presentarán unha emenda sobre ela. Todo isto o que pón de manifesto é que o goberno municipal nin sabe facer un orzamento nin o sabe executar e non xustifican onde gastaron as partidas iniciais e por que hai que suplementalas, véndose cada ano, cando se dá conta no Pleno da Conta Xeral como o goberno municipal moveu os cartos dunha partida para outra que fan que o orzamento final non se corresponda para nada co inicial. Di que o orzamento non é un trámite burocrático senón que é unha planificación, unha folla de ruta de canto vai ingresar o Concello no seguinte exercicio, como se vai gastar e a que ritmo, pero o goberno municipal a poucos días de aprobalo xa comezan a mover partidas dun sitio para outro e por iso cando chegan as cuestións previsibles xa non hai cartos para acometelas. Pregunta cando se vai presentar unha proposta para o orzamento do 2024.

Di que a emenda que entregou aos membros da Corporación débese a que no BNG queren asegurarse de que as partidas se van gastar nos conceptos establecidos cando se fai o orzamento porque o nivel de vinculación que se aprobou a comezos de ano permite ao goberno municipal cambiar os cartos dunha partida para outra. O orzamento do 2023 leva o nivel de vinculación máis alto posible e por iso queren emendar a proposta con dous puntos, que son os seguintes:

Primeiro.- Modificar a base de execución número 3 do orzamento aprobado para 2023, con código de expediente UEH/2022/42, código de documento UEH17I001R, no seguinte senso: que a base 3, que di

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, a área de gasto a nivel de clasificación por programas e o capítulo a nivel da clasificación económica.”

Quede redactada da seguinte forma:

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, o subprograma a nivel de clasificación por programas e a partida a nivel da clasificación económica.”

Di que o que o BNG quere é que a vinculación quede a nivel de todo o detalle para que o goberno municipal non poida cambiar o que está aprobado, e que quere tamén que o nivel das partidas sexa o que vai nas memorias porque na proposta o goberno municipal non replica o nivel de desglose que vai nelas, polo que propón tamén como segunda emenda que as distintas partidas sexan as que figuran nas memorias que constan no expediente.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que respecto da dúbida presentada polo Sr. Chouciño Garrido sobre o busto homenaxe trátase dunha escultura que se quere facer no Xardín Botánico en conmemoración do 8M, Día internacional da Muller, engadindo que non sabe os materiais propostos pero que esa é a proposta que lle pasaron desde a área. Respecto da emenda di que neste momento aceptala dificultaría enormemente a execución do orzamento e que non se refire a un punto concreto da orde do día senón ás bases de execución do orzamento que non se refiren para nada na proposta; que si sería un punto a ter en conta na elaboración do vindeiro orzamento que agardan poder poñer a disposición de toda a Corporación municipal no mes de novembro pero telo en conta para o orzamento en vigor dificultaría moito a labor de Intervención.

De seguido fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que a emenda respecto da base 3 das bases de execución non se refire á proposta que se presenta neste punto da orde do día e poderíase incluír como unha proposta a ter en conta se é posible no orzamento actual, algo que dubida pois as bases de execución xa están aprobadas e habería que consultalo coa Intervención municipal, pero no vindeiro presuposto si que non habería ningún problema en atender a proposta do BNG que se presenta neste punto.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o goberno municipal somete a consideración do Pleno, solicitando así mesmo a súa aprobación, unha proposta de modificación presupostaria a través da dotación dun crédito extraordinario e dun suplemento de crédito para a

13 de 64

C.I.F. P-1503100-H

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

C.I.F. P-1503100-H

cobertura de determinados conceptos de gasto que, ou non foron previstos de forma algunha nos orzamentos (no caso do crédito extraordinario) ou foi esgotada a súa dotación a falta de dous meses para finalizar o ano. Chama poderosamente a atención que, tras o incremento do orzamento de gastos en case sete millóns de euros con respecto ao exercicio anterior, partidas da importancia cualitativa de moitas das que integran esta proposta de modificación presupostaria resulten cunha dotación ridícula ao punto de terse esgotado cando non pasaran nin seis meses desde a entrada en vigor do presuposto, ou directamente non foran contempladas ou incluídas no documento aprobado grazas á maioría absoluta da que dispoñía o goberno municipal. Dita circunstancia pon de manifesto por enésima vez a súa total e absoluta falta de responsabilidade e rigor, tanto en materia de planificación como de xestión e, por suposto, de control dos fondos públicos. É o diñeiro dos veciños e veciñas de Culleredo o que está xestionando o Sr. alcalde con tanta negligencia e descoido. Diñeiro procedente dos tributos que pagan grazas ao seu traballo e esforzo diario, e cuxa xestión e control é, á vista dos feitos, completamente inexistente. Resulta pouco menos que increíble, e en todo caso asombroso, que o goberno municipal teña que recorrer a estas operacións de modificación presupostaria cando fai menos de seis meses que entraron en vigor os orzamentos do presente ano 2023, o cal denota, por una parte o seu total desprezo polos prazos legalmente establecidos e, por outra, a súa ineptitude, a súa falta de seriedade e, en definitiva, de respecto aos cidadáns aos cales desgraciadamente representa. O Grupo municipal do Partido Popular está seguro de que acertaría máis o Sr. alcalde nas quinielas que elaborando uns orzamentos municipais que sirvan para dar satisfacción ás necesidades dos veciños de Culleredo e os doten dos servizos y infraestruturas necesarias, que se anticipen ás eventualidades e problemas que poidan xurdir no transcurso do ano e, en definitiva, que sirvan para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas de Culleredo. Como exemplo do descontrol presupostario que caracteriza a xestión pódese poñer de exemplo o exercicio anterior, do 2022, no que o grao de execución dos gastos non chegou sequera á metade da contía presupostada, modificada á alza case en 18 millóns de euros ao longo do exercicio (case o 65%), mentres que no grao de execución do orzamento de ingresos apenas alcanza o 51%. E no 2021, o grao de execución orzamentaria foi do 51% no caso dos gastos e do 57% no caso dos ingresos, modificando ademais á alza o presuposto ao longo do exercicio en máis dun 60%. Entendendo os orzamentos como a expresión económica das políticas municipais, e a liquidación dos mesmos como o grao de alcance dos obxectivos establecidos nos orzamentos, o resultado da xestión do goberno municipal non pode senón cualificarse de lamentable en todos os aspectos. Os datos presupostarios e as súas correspondentes modificacións amosan que o goberno municipal carece da máis mínima capacidade de planificación, de previsión e de ideas, mentres que o grao de execución presupostaria ofrece unha idea

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

aproximada da súa ineptitude para levar a cabo os poucos proxectos que presentan á cidadanía. A xestión (ou máis ben a falta de xestión e control) do goberno municipal se caracteriza pola improvisación, a imprudencia e o seu carácter meramente reactivo, adoptando decisións sobre a marcha, sen proxectos e sen control de ningún tipo, tal e como se plasma nos presupostos e en todas as políticas (de persoal, de contratación, etc.) que acomete o goberno municipal.

Diríxese ao Sr. Alcalde e di que o goberno municipal carece de ideas e as poucas que teñen son absolutamente incapaces de executalas. Os cidadáns non se merecen un descontrol desa magnitude nin a indolencia e a negligencia que caracteriza cada unha das súas actuación de goberno. Unha vez posta de manifestó, á luz dos datos que ofrecen as contas, a falta de credibilidade que caracteriza ao equipo de goberno co seu alcalde á cabeza, non sorprende a proposta de modificación presupostaria que se presenta como resposta á falta de planificación, de previsión e ao descontrol presupostario ao que xa están acostumados e que se plasma, no caso do suplemento de crédito proposto, no esgotamento (en menos de seis meses), dos créditos asignados, mentres que no caso da proposta de dotación de crédito extraordinario o Partido Popular refírese a conceptos de gasto non previstos no presuposto e por tanto sen dotación crediticia algunha.

C.I.F. P-1503100-H

Di que o máis grave de todo isto é a natureza das partidas non previstas nos orzamentos ou con dotacións presupostarias cuxa insignificancia pon o goberno municipal de manifesto na proposta. Falan sobre todo de educación, dos centros nos que estudan os nenos de Culleredo, falan do conservatorio municipal, falan de deporte e falan da promoción da actividade económica e, por ende, do emprego no Concello de Culleredo; que falan, en suma, da educación dos seus fillos e do seu futuro, e por extensión, do benestar presente e futuro de todos os veciños do Concello. É destacable a inclusión de determinadas partidas acerca das que se carece totalmente de información concreta que permita adoptar un xuízo válido sobre o que basear o sentido do seu voto; refírese, por exemplo, á inclusión entre as mesmas dun busto (que non concretaron nin explicaron) por importe de 40.000 euros, cuxa pertinencia, urxencia non determinaron, así como tampouco a quen representará; que se refiren tamén ao mural e á escultura destinada ao CEIP de Tarrío e se refiren, por último, á necesidade de dotar fondos a maiores para partidas como festas populares, concursos, indemnizacións e previsión de necesidades ata fin de ano. Pregunta por que hai que indemnizar con 16.500 euros á empresa pola resolución do contrato de execución da obra do pavillón de Tarrío e pregunta tamén por que non se empezou a obra no prazo de catro meses establecido, e pregunta se esas obras non se van facer, interesándose tamén pola praza Europa, obra pola que tamén hai que indemnizar. Di que falan tamén doutras partidas non menos importantes como son as destinadas ao abono das horas extraordinarias que

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

C.I.F. P-1503100-H

ano tras ano se veñen realizando masivamente no Concello de Culleredo por membros sobre todo da policía local pero tamén doutras áreas; horas extraordinarias que ditos colectivos se ven abocados a prestar de forma estrutural (e aproveita para recordarlle ao Sr. Alcalde a limitación xenérica de 80 horas extraordinarias anuais) e desde fai xa moitos anos pola incapacidade manifesta do goberno municipal para dotar dos efectivos necesarios para un Concello que supera con creces os 30.000 habitantes; horas extraordinarias cuxo único responsable é o alcalde e o seu equipo de goberno, ata tal punto que máis da quinta parte do total do modificativo de crédito que propón o goberno municipal se corresponde coas horas extraordinarias, sobre todo da policía local; tanto é así que se se teñen en conta única e exclusivamente o importe que nesa materia recolle o modificativo de crédito que se presenta, poderíase pagar o soldo e as cargas sociais de cinco policía locais; di que esa é a xestión do goberno municipal e ese é o seu fracaso e as súas consecuencias, véndose obrigados a sufrilos todos os veciños e veciñas de Culleredo. Dada a importancia cualitativa dos conceptos de gasto cuxa modificación se solicita, que non especifica se son gastos xa executados, pendentes de pagamento ou son gastos futuros, di que os membros do Partido Popular de Culleredo non poden, por responsabilidade e altura de miras, opoñerse de plano a dita modificación porque, aínda que o goberno municipal o mereza, os cidadáns non, pois nin os cidadáns nin as empresas son culpables da falta de xestión e de planificación do goberno municipal. Que por todo iso empraza ao goberno municipal á retirada deste punto da orde do día de forma que poida ser tratado nun pleno extraordinario nos próximos días.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do Grupo municipal do PSDG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que non se pode retirar este punto da orde do día por unha cuestión de prazos pois é necesario que a modificación presupostaría que se presenta entre en vigor no actual exercicio; que se poden facer comentarios sobre o grao de execución orzamentaria que se verá o vindeiro venres na Comisión Especial de Contas pero que o único que se trae neste punto son as propostas feitas desde as distintas áreas, considerando que por responsabilidade se deben apoiar; di que tanto o Sr. Chouciño como a Sra. García Gorostizu teñen razón cando din que se houbera máis policía non sería necesario aboar tantas gratificacións extraordinarias pero ante a falta que hai neste momento o Concello vese abocado a pagar ditas horas para que os servizos se leven a cabo.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do BNG de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que vai empezar polo último dito pola Sra. Iglesias Becerra porque o das gratificacións extraordinarias non é algo exclusivo da Policía; que el se centrou niso porque é o groso pero non é o único e lembra un informe do xefe de Economía que dicía que non habería que pagarlle unha gratificación a dúas

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

C.I.F. P-1503100-H

traballadoras porque non se podía acreditar que fixeran horas extras porque tampouco se podía acreditar que fixeran a súa xornada ordinaria xa que o goberno municipal non leva control do cumprimento da xornada. Di que, volvendo á emenda da que falou na súa anterior intervención, e tal como comentou a Sra. García Gorostizu, o Sr. Alcalde di que lle informan de que a emenda non pode ir como o propón o BNG porque se trata dunha modificación dunha base de execución e desde este Grupo entenden que si pode ir porque o punto primeiro é a aprobación dun expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito que non deixa de ser unha modificación do orzamento e polo tanto tamén se poderían modificar algunhas outras cuestións do orzamento e engade que ao actual goberno municipal non se lle pode deixar a posibilidade de que partidas destinadas por exemplo a arranxo de colexios se poidan adicar a algo diferente; di que hai que reconsiderar o importe adicado para un busto homenaxe e dedicalo a políticas para a muller e non a estatuas de mulleres; que entenden que a emenda do BNG, que busca que o nivel de vinculación sexa o máis baixo e impida que se movan os cartos dunha para outra, non se pode aprobar neste punto, se retire da orde do día e se convoque un pleno extraordinario para dentro de dous días no que o primeiro punto sexa a modificación da base 3 das bases de execución; engade que o BNG está disposto a non cobrar dito pleno extraordinario; di que non é certo que a forma de vincular os créditos que el propón vaia dificultar o nivel de execución senón todo o contrario porque vai garantir que cada partida se gaste no que estaba previsto; anuncia que se non se fai así o seu voto será en contra.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que o goberno municipal votará a favor da emenda do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo.

Intervén a Sra. García Gorostizu e di que a situación que se está a dar con esta proposta parece un mercadeo e que ela pensa que o mellor sería deixar a proposta sobre a Mesa, analizala ben, incluír a emenda presentada polo voceiro do BNG, ver que propostas se poden aprobar e cales non, e convocar un Pleno extraordinario como moi tarde a vindeira semana.

O Sr. Alcalde-presidente indica que o asunto que se está a debater é algo moi serio e non contemplan a posibilidade de deixala sobre a Mesa, engadindo que o seu Grupo votará a favor da emenda do BNG e de retirar a partida destinada para o busto homenaxe, aclarando que este busto era unha escultura que estaba programada polo departamento de Cultura e Igualdade para colocar no Xardín Botánico do Burgo, nunha zona onde sempre se lle rende unha homenaxe á Muller, un busto con múltiples figuras femininas, sendo o importe da partida o prezo habitual deste tipo de bustos.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que os membros do seu Grupo vanse manter na súa postura inicial pero quere amosar a súa grande preocupación pola toma de decisións en cuestións de suma importancia que se resolven sobre a marcha; di que considera que as cousas se deben facer doutra maneira.

Intervén o Sr. Alcalde-presidente e di que comparte a opinión da voceira do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños pero que iso non cambia para nada o sentido do investimento que se vai facer.

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a emenda presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo así como a retirada da partida 3341-62900, por importe de 40.000 euros, destinada á realización dun busto homenaxe; **con doce (12) votos a favor**, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8) e Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) , **dous (2) en contra**, os dos representantes do Grupo municipal Alternativa dos Veciños; **e sete (7) abstencións**, as dos representantes do Grupo municipal do Partido Popular, **o Pleno municipal acorda:**

C.I.F. P-1503100-H

Primeiro.- Modificar a base 3 das bases de execución do orzamento, no seguinte senso: a Base 3, que di

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, a área de gasto a nivel de clasificación por programas e o capítulo a nivel da clasificación económica.”

Queda redactada da seguinte forma:

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, o subprograma a nivel de clasificación por programas e a partida a nivel da clasificación económica.”

Segundo.- Establecer que as distintas partidas sexan as que figuran nas memorias que constan no expediente.

Terceiro.- Suprimir a partida 3341-62900, por importe de 40.000 euros, destinada a crédito extraordinario para a realización dun busto homenaxe

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, coas modificacións que derivan do acordo anterior; **con oito (8) votos a favor**, os dos representantes do grupo municipal do PSdG-PSOE, **sete (7) votos en**

18 de 64

contra, os dos representantes do Grupo municipal do Partido Popular; **e seis (6) abstencións**, as dos representantes dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Alternativa dos Veciños (2), **o Pleno municipal acorda:**

Primeiro.- A aprobación inicial dun expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito, segundo o seguinte detalle:

1.1. Suplemento de crédito das seguintes aplicacións orzamentarias cuxa consignación precisa ser incrementada, por resultar o previsto insuficiente:

C.I.F. P-1503100-H

| Aplicación orzamentaria | Importe suplemento de crédito | Descrición |
|-------------------------|-------------------------------|---|
| 320 21200 | 35.000,00 € | Necesidades de realización de reparacións e mantemento: pintura, portas, peches perimetrais... |
| 320 22799 | 40.000,00 € | Desenvolvemento das actividades de apoio ao currículo que se desenvolven en todos os centros educativos: educación ambiental, patrimonial, democrática, de prevención... |
| 320 22300 | 3.000,00 € | Desprazamentos en autobús de escolares por seguridade, desde os centros ata os lugares de desenvolvemento das actividades municipais: casa do concello, aula de natureza... |
| 323 21300 | 3.000,00 € | Reposición de maquinaria, electrodomésticos...:lavadora, secadora... |
| 323 22199 | 2.000,00 € | Subministros diversos para o normal funcionamento das escolas: estores, xogos exteriores.. |
| 3241 22199 | 5.000,00 € | Previsión de necesidades ata fin de ano. |
| 3241 22799 | 1.500,00 € | Programa BATUTAS E BASTÓNS: gravacións, gastos atención invitados... |
| 3341 22000 | 1.000,00 € | Material para a alta na rede de bibliotecas de Galicia: tarxetas de impresión de carnés e material de difusión para as bibliotecas municipais |
| 3341 22000 | 4.000,00 € | Necesitase material tanto de uso diario que o concello non aporta por falta de existencias como, fundas plásticas, carpetas, follas de plastificación... así como material específico para eventos e exposicións, cartón pluma, pegamento en spray, cinta de carroceros, cinta de dobre cara, bridas... |
| 3341 22609 | 110.000,00 € | Culleredo en escena: abarca toda a programación teatral e musical que se leva a cabo no Concello de Culleredo. |
| 3341 22609 | 25.000,00 € | Actividades para o fomento das festas tradicionais no noso concello: animación de rúas, obradoiros, etc |

| | | | |
|-----|-------|---------------------|---|
| 338 | 20300 | 56.000,00 € | inspeccións técnicas, traslados de material, seguridade técnica, suspensión de calidade obxectivos acústico |
| 338 | 22799 | 20.000,00 € | Subministro de vallas, xeradores, grupos eléctricos, bochinchas, vallas de seguridade, baños |
| 341 | 22699 | 6.000,00 € | Competicións deportivas torneos municipais de fútbol de categoría aficionados, xuvenís, infantís e torneos femininos en categoría aficionada e cadete- Gastos derivados. Dereitos de arbitaxes, obsequios de honores deportivos (trofeos e medallas), auga para deportistas e outros. |
| 341 | 22699 | 18.000,00 € | Competicións deportivas obsequios de honores deportivos (trofeos y medallas),Mapas y planos. Ambulancias, servizos (carpas e wc químicos, vallas de seguridade) |
| 433 | 22799 | 121.000,00 € | Elaboración de campaña informativa do Nadal, realización campaña sensibilización 25N, rutas barítimas, concurso de escaparatismo, campaña de sorteos no comercio polo nadal, actividades de Samaín, montaxe e dinamización das carpas de nadal, actuacións de dinamización das rúas polo Nadal. |
| 132 | 15100 | 105.000,00 € | Gratificacións – traballos realizados fora de xornada |
| | | 555.500,00 € | |

C.I.F. P-1503100-H

1.2. Crédito extraordinario nas seguintes aplicacións orzamentarias que deben de ser asignadas para a realización dos gastos que se especifican:

| Aplicación orzamentaria | Importe crédito extraordinario | Descrición |
|-------------------------|--------------------------------|---|
| 320 62900 | 15.100,00 € | Conxunto escultórico 50 aniversario CEIP Tarrío+ mural logotipo |
| 323 21200 | 25.000,00 € | Mantemento e reparacións dos edificios das escolas:pintura, desconchados.... |
| 3241 220.00 | 1.500,00 € | Material de oficina: necesario para a realización de todo o traballo do centro escolar |
| 3241 22706 | 15.960,00 € | Contrato 4 meses profesor de fruta e de piano |
| 3341 20500 | 25.000,00 € | Aluguer de carpas, cadeiras, mesas para poder levar a cabo as actividades culturais: ao carecer esta Administración dos mesmos. |
| 3341 21500 | 6.000,00 € | Actualización das estanterías e dos mobles máis deteriorados nas dúas bibliotecas |
| 3341 22001 | 2.376,23 € | Compra de libros a través da subvención da Xunta para actualizar o fondo bibliográfico |

C.I.F. P-1503100-H

| | | | |
|------|--------|---------------------|---|
| 3341 | 22100 | 15.000,00 € | Subministro de auga e luz para as actividades culturais no exterior |
| 342 | 20200 | 19.000,00 € | Ensinanza de natación O Concello non dispón de instalacións propias polo que é necesario alugar piscinas cubertas para poder promover o deporte |
| 342 | 221.99 | 5.000,00 € | Instalacións deportivas municipais acondicionamento de porterías e redes de balonmán e fútbol, acondicionamento de aros e redes de baloncesto. Subministro de botiquíns sanitarios nas instalacións deportivas municipais |
| 342 | 22699 | 1.721,34 € | Indemnización como consecuencia da resolución do contrato de execución da obra "Acondicionamento polideportivo descuberta da Plaza Europa" logo da suspensión da iniciación das obras por prazo superior a catro meses |
| 342 | 22699 | 16.435,50 € | Indemnización como consecuencia da resolución do contrato de execución da obra "Polideportivo Municipal de Tarrío" logo da suspensión da iniciación das obras por prazo superior a catro meses |
| 342 | 62300 | 23.000,00 € | Investimento novo en infraestruturas Polideportivo do Burgo. Arranxos precisos para a celebración de competicións oficiais. |
| 342 | 62300 | 15.000,00 € | Investimento novo en infraestruturas Polideportivo Ría do Burgo: marcador electrónico necesario para celebrar competicións oficiais. |
| 342 | 62300 | 15.000,00 € | Investimento novo en infraestruturas – Campo de fútbol de Tarrío. É necesaria a adquisición deste material que se exige para competicións federadas. |
| 342 | 62300 | 2.000,00 € | É necesaria a adquisición deste material que se exige para competicións federadas de ámbito nacional |
| 135 | 15100 | 45.000,00 € | Gratificacións – traballos realizados fora de xornada |
| 3241 | 15100 | 11.335,44 € | Gratificacións – traballos realizados fora de xornada |
| 920 | 15100 | 13.100,99 € | Gratificacións – traballos realizados fora de xornada |
| | | 272.529,50 € | |

1.3. Co seguinte financiamento:

| | | |
|----------|----|--|
| Concepto | de | 870.00 |
| ingresos | | Remanente de tesouraría para gastos xerais |
| Importe | | 832.129,50 € |

Segundo.- Modificar a base 3 das bases de execución do orzamento, no seguinte senso: a Base 3, que di

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, a área de gasto a nivel de clasificación por programas e o capítulo a nivel da clasificación económica.”

Queda redactada da seguinte forma:

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, o subprograma a nivel de clasificación por programas e a partida a nivel da clasificación económica.”

Terceiro.- Expoñer ao público por espazo de 15 días, previo anuncio no boletín oficial da provincia, o devandito expediente, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Si durante do mencionado prazo non se presentasen reclamacións, o suplemento de crédito e o crédito extraordinario consideraranse definitivamente aprobados.

4.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO, FINANCIADO CO RLT PARA GASTOS XERAIS DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022; APROBACIÓN INICIAL (UEH/2023/28) (CIP 26/10/2023).

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia somete a debate e votación ordinaria do Pleno municipal a proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Urbanismo, de data 19 de outubro de 2023 (código de documento UEH17I0083), ditaminada favorablemente na Comisión Informativa Permanente de Presidencia do 26/10/2023 (punto 3 da orde do día), que consta no expediente electrónico UEH/2023/28 e que transcrita literalmente di:

«PROPOSTA

Aprobación inicial dun expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito

Tendo en conta a existencia de diversas necesidades de actuación que se puxeron de manifesto nas correspondentes memorias xustificativas e que non se poden demorar ao exercicio orzamentario seguinte é necesario o incremento do orzamento de gastos xa que o crédito existente é insuficiente e non ampliable nas partidas orzamentarias con cargo ás que se deben aprobar tales actuacións.

Considerando o disposto ao respecto dos créditos extraordinarios e os suplementos de crédito no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2007, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e o seu

desenvolvemento regulamentario nos artigos 35 e seguintes do Real Decreto 500/90.

Considerando a suspensión das limitacións ao emprego do remanente de tesouraría como fonte de financiamento de novos gastos e tendo en conta que a liquidación do orzamento do exercicio de 2022 reflicte un remanente de tesouraría para gastos xerais por importe de 13.474.708,78€, dos que están dispoñíbeis para utilizar como fonte de financiamento de novos gastos a cantidade de 3.797.640,14€.

En base a todo o cal e visto o informe de control financeiro emitido pola Intervención municipal, propónse a aprobación do seguinte ACORDO:

Primeiro.- A aprobación inicial dun expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito, segundo o seguinte detalle:

1.1. Suplemento de crédito das seguintes aplicacións orzamentarias cuxa consignación precisa ser incrementada, por resultar o previsto insuficiente:

C.I.F. P-1503100-H

| Aplicación orzamentaria | | Importe suplemento de crédito |
|--------------------------------|-------|--------------------------------------|
| 132 | 15100 | 105.000,00 € |
| 320 | 21200 | 35.000,00 € |
| 320 | 22799 | 40.000,00 € |
| 320 | 22300 | 3.000,00 € |
| 323 | 21300 | 3.000,00 € |
| 323 | 22199 | 2.000,00 € |
| 3241 | 22199 | 5.000,00 € |
| 3241 | 22799 | 1.500,00 € |
| 3341 | 22000 | 5.000,00 € |
| 3341 | 22609 | 135.000,00 € |
| 338 | 20300 | 56.000,00 € |
| 338 | 22799 | 20.000,00 € |
| 341 | 22699 | 24.000,00 € |
| 433 | 22799 | 121.000,00 € |

1.2. Crédito extraordinario nas seguintes aplicacións orzamentarias que deben de ser asignadas para a realización dos gastos que se especifican:

| Aplicación orzamentaria | | Importe crédito extraordinario |
|--------------------------------|-------|---------------------------------------|
| 320 | 62900 | 15.100,00 € |
| 323 | 21200 | 25.000,00 € |
| 3241 | 22000 | 1.500,00 € |
| 3241 | 22706 | 15.960,00 € |
| 3341 | 20500 | 25.000,00 € |
| 3341 | 21500 | 6.000,00 € |
| 3341 | 22001 | 2.376,23 € |
| 3341 | 22100 | 15.000,00 € |
| 3341 | 62900 | 40.000,00 € |
| 342 | 20200 | 19.000,00 € |
| 342 | 22199 | 5.000,00 € |
| 342 | 22699 | 18.156,84 € |
| 342 | 62300 | 55.000,00 € |
| 135 | 15100 | 45.000,00 € |
| 2411 | 15100 | 4.100,00 € |
| 3241 | 15100 | 11.335,44 € |
| 920 | 15100 | 13.100,99 € |

C.I.F. P-1503100-H

1.3. Co seguinte financiamento:

| | | |
|----------------------|--------------|--|
| Concepto de ingresos | de 870.00 | Remanente de tesouraría para gastos xerais |
| Importe | 872.129,50 € | |

Segundo.- Expoñer ao público por espazo de 15 días, previo anuncio no boletín oficial da provincia, o devandito expediente, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Si durante do mencionado prazo non se presentasen reclamacións, o suplemento de crédito e o crédito extraordinario consideraranse definitivamente aprobados.»

A continuación intervén a concelleira do Grupo municipal do PsdG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra, e indica que tal como se puxo de manifesto no punto anterior a liquidación do orzamento do ano 2022 aprobouse cun remanente de Tesourería positivo de case trece millóns e medio de euros. Desda cantidade unha parte utilizouse para incorporar créditos do ano pasado e, tendo en conta que as áreas nos distintos servizos puxeron de manifesto a necesidade de facer una serie de actuacións de aquí a finais de ano para as que se precisa unha

24 de 64

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

maior consignación presupostaria, propónse a aprobación dun expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito por importe de 872.129,50 euros. Na proposta inclúese unha consignación específica para gratificacións extraordinarias. A modificación débese a un cambio de criterio na Intervención municipal xa que tanto a anterior interventora como a actual estiveron fiscalizando que, habendo crédito na vinculación xurídica, podían aboarse gratificacións extraordinarias, radicando a diferenza de criterio en que ate o de agora a intervención municipal entendía que o alcalde e a concelleira por delegación podían distribuír as gratificacións e agora a interventora municipal interpreta que a cantidade máxima prevista para gratificacións debe ser fixada polo Pleno.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que os membros do seu Grupo vanse abster na votación desta proposta e vai argumentar os motivos desa abstención, que son os mesmos polos que se abstiveron no punto anterior. Non van votar en contra por responsabilidade política xa que é necesario aprobar o que se propón para poder acometer as obras que se detallan pero lle lembra ao goberno municipal que xa non conta coa maioría absoluta coa que contaba e que é necesario que concorde as propostas cos grupos da oposición e darlles a posibilidade de achegar propostas e facer valer os seus criterios. Ademais do dito, hai que ter en conta que tal como se detallan as partidas non deixan de ser un caixón de xastre pois non se pode saber con exactitude a que se van adicar os cartos. Nesta ocasión van votar abstención pero de seguir na mesma liña no sucesivo votarán en contra pois consideran que o criterio da oposición debe facerse valer.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o Sr. Alcalde fala de que o orzamento do 2024 tivo en conta as numerosas achegas da veciñanza a través dos distintos canles e engade que iso é o resultado dun traballo do BNG porque o Concello este ano estivo desaparecido e nin tan sequera expuxo na páxina web un anuncio sobre a existencia dun prazo para presentación de propostas; di que a Sra. Marta Iglesias falou das gratificacións e efectivamente trátase dunha partida bastante importante pois vaise case a 100.000 euros; desde o BNG van facer un esforzo de interpretación engadindo que todos os meses hai resolucións nas que se pagan miles de euros en gratificacións á Policía Local porque o cadro de persoal é escaso xa que non se sacan adiante como é debido os procesos selectivos; o BNG insistiu en que se depositaran na Academia Galega de Seguridade Pública os procesos selectivos pero o equipo de goberno non quixo, sen que se saiba por que, e agora viuse como os aspirantes acudiron á Valedora do Pobo para dicir que aquí "cheiraba a chamusco" e presentaron os seus recursos exercendo

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

os seus dereitos; solicita que os próximos procesos selectivos se fagan a través da Academia Galega de Seguridade Pública porque supón axilidade de prazos, aforro de cartos e maior transparencia e conseguir deixar de pagar as horas extra de forma estrutural como se fai todos os meses porque isto vai contra o dereito dos traballadores ao descanso e moito máis.

Di que o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo propón unha emenda á proposta que se presenta neste punto porque pese a que ao BNG lle gustaría achegar propostas no expediente figuran seis memorias que habería que analizar con calma e non se presentou co tempo suficiente para poder facelo, ademais de que habería que levar novamente o expediente a ditaminar, algo que non convén polos prazos e deciden darlle á proposta que se presenta neste punto unha carta de validez como punto de partida. Preséntase un suplemento da partida 320-22799, por importe de 40.000 euros, para o desenvolvemento do programa EducaCulleredo 2023-2024 das actividades de apoio ao currículo que se desenvolve en todos os centros educativos: educación ambiental, patrimonial, democrática, de prevención, etc., polo que supón que esa partida se gastaría noutras cousas; ou a partida 320-22300 para desprazamentos en autobús de escolares por seguridades, desde os centros ata os lugares de desenvolvemento das actividades municipais, suplementada con 3.000 euros, supón tamén que porque a partida inicial se gastou noutras cousas debido á posibilidade que dá o nivel de vinculación establecido no orzamento inicial; que están de acordo tamén co suplemento de crédito de 35.000 euros na partida para mantemento e reparación de centros escolares pero comenta que os centros escolares, en todos os concellos que funcionan con un mínimo de normalidade, arránxanse no verán para que o 11 ou o 12 de setembro, cando empeza o curso, estean niquelados, pero en Culleredo dótanse os cartos o día do Samaín; cartos tamén para a conmemoración do aniversario do colexio de Tarrío ou o suplemento de crédito para o funcionamento habitual das escolas, ou para o programa Batutas e Bastóns do Conservatorio, para o que inexplicablemente ata o e agora non contaba con partida ou se se contaba, gastáronse os cartos non se sabe en que; respecto da partida para a contratación dun profesor de fruta e de piano durante 4 meses di que no Conservatorio xa están agardando por el e que debería estar xa contratado polo que é normal que se destinen cartos a iso, así como a elaboración da campaña informativa de Nadal, á sensibilización do 25N, actividades culturais, rutas barítimas, concurso de escapatismo, etc. Di que o BNG podería establecer outras actividades pero que, xa que están estas establecidas, o normal é que conten con cartos para poder facelas, pero lle resulta moi curioso que a estas alturas, o día do Samaín, se estea dotando cartos para as actividades do Samaín.

C.I.F. P-1503100-H

Segue relatando os conceptos para os que se dotan partidas pero quere resaltar unha que tamén queren emendar cal é a realización dun busto homenaxe, unha

26 de 64

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

partida de 40.000 euros; pregunta a quen se lle vai facer dita homenaxe e de quen é ese busto e de que material se vai facer para que custe 40.000 euros; roga lle xustifiquen esta partida pois do contrario presentarán unha emenda sobre ela. Todo isto o que pon de manifesto é que o goberno municipal nin sabe facer un orzamento nin o sabe executar e non xustifican onde gastaron as partidas iniciais e por que hai que suplementalas, véndose cada ano, cando se dá conta no Pleno da Conta Xeral como o goberno municipal moveu os cartos dunha partida para outra que fan que o orzamento final non se corresponda para nada co inicial. Di que o orzamento non é un trámite burocrático senón que é unha planificación, unha folla de ruta de canto vai ingresar o Concello no seguinte exercicio, como se vai gastar e a que ritmo, pero o goberno municipal a poucos días de aprobalo xa comezan a mover partidas dun sitio para outro e por iso cando chegan as cuestións previsibles xa non hai cartos para acometelas. Pregunta cando se vai presentar unha proposta para o orzamento do 2024.

Di que a emenda que entregou aos membros da Corporación débese a que no BNG queren asegurarse de que as partidas se van gastar nos conceptos establecidos cando se fai o orzamento porque o nivel de vinculación que se aprobou a comezos de ano permite ao goberno municipal cambiar os cartos dunha partida para outra. O orzamento do 2023 leva o nivel de vinculación máis alto posible e por iso queren emendar a proposta con dous puntos, que son os seguintes:

Primeiro.- Modificar a base de execución número 3 do orzamento aprobado para 2023, con código de expediente UEH/2022/42, código de documento UEH17I001R, no seguinte senso: que a base 3, que di

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, a área de gasto a nivel de clasificación por programas e o capítulo a nivel da clasificación económica.”

Quede redactada da seguinte forma:

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, o subprograma a nivel de clasificación por programas e a partida a nivel da clasificación económica.”

Di que o que o BNG quere é que a vinculación quede a nivel de todo o detalle para que o goberno municipal non poida cambiar o que está aprobado, e que quere tamén que o nivel das partidas sexa o que vai nas memorias porque na proposta o goberno municipal non replica o nivel de desglose que vai nelas,

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

polo que propón tamén como segunda emenda que as distintas partidas sexan as que figuran nas memorias que constan no expediente.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que respecto da dúbida presentada polo Sr. Chouciño Garrido sobre o busto homenaxe trátase dunha escultura que se quere facer no Xardín Botánico en conmemoración do 8M, Día internacional da Muller, engadindo que non sabe os materiais propostos pero que esa é a proposta que lle pasaron desde a área. Respecto da emenda di que neste momento aceptala dificultaría enormemente a execución do orzamento e que non se refire a un punto concreto da orde do día senón ás bases de execución do orzamento que non se refiren para nada na proposta; que si sería un punto a ter en conta na elaboración do vindeiro orzamento que agardan poder poñer a disposición de toda a Corporación municipal no mes de novembro pero telo en conta para o orzamento en vigor dificultaría moito a labor de Intervención.

De seguido fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que a emenda respecto da base 3 das bases de execución non se refire á proposta que se presenta neste punto da orde do día e poderíase incluír como unha proposta a ter en conta se é posible no orzamento actual, algo que dubida pois as bases de execución xa están aprobadas e habería que consultalo coa Intervención municipal, pero no vindeiro presuposto si que non habería ningún problema en atender a proposta do BNG que se presenta neste punto.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o goberno municipal somete a consideración do Pleno, solicitando así mesmo a súa aprobación, unha proposta de modificación presupostaria a través da dotación dun crédito extraordinario e dun suplemento de crédito para a cobertura de determinados conceptos de gasto que, ou non foron previstos de forma algunha nos orzamentos (no caso do crédito extraordinario) ou foi esgotada a súa dotación a falta de dous meses para finalizar o ano. Chama poderosamente a atención que, tras o incremento do orzamento de gastos en case sete millóns de euros con respecto ao exercicio anterior, partidas da importancia cualitativa de moitas das que integran esta proposta de modificación presupostaria resulten cunha dotación ridícula ao punto de terse esgotado cando non pasaran nin seis meses desde a entrada en vigor do presuposto, ou directamente non foran contempladas ou incluídas no documento aprobado grazas á maioría absoluta da que dispoñía o goberno municipal. Dita circunstancia pon de manifesto por enésima vez a súa total e absoluta falta de responsabilidade e rigor, tanto en materia de planificación como de xestión e, por suposto, de control dos fondos públicos. É o diñeiro dos veciños e veciñas de Culleredo o que está xestionando o Sr. alcalde con tanta

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

C.I.F. P-1503100-H

neglixencia e descoido. Diñeiro procedente dos tributos que pagan grazas ao seu traballo e esforzo diario, e cuxa xestión e control é, á vista dos feitos, completamente inexistente. Resulta pouco menos que increíble, e en todo caso asombroso, que o goberno municipal teña que recorrer a estas operacións de modificación presupostaria cando fai menos de seis meses que entraron en vigor os orzamentos do presente ano 2023, o cal denota, por una parte o seu total desprezo polos prazos legalmente establecidos e, por outra, a súa ineptitude, a súa falta de seriedade e, en definitiva, de respecto aos cidadáns aos cales desgraciadamente representa. O Grupo municipal do Partido Popular está seguro de que acertaría máis o Sr. alcalde nas quinielas que elaborando uns orzamentos municipais que sirvan para dar satisfacción ás necesidades dos veciños de Culleredo e os doten dos servizos y infraestruturas necesarias, que se anticipen ás eventualidades e problemas que poidan xurdir no transcurso do ano e, en definitiva, que sirvan para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas de Culleredo. Como exemplo do descontrol presupostario que caracteriza a xestión pódese poñer de exemplo o exercicio anterior, do 2022, no que o grao de execución dos gastos non chegou sequera á metade da contía presupostada, modificada á alza case en 18 millóns de euros ao longo do exercicio (case o 65%), mentres que no grao de execución do orzamento de ingresos apenas alcanza o 51%. E no 2021, o grao de execución orzamentaria foi do 51% no caso dos gastos e do 57% no caso dos ingresos, modificando ademais á alza o presuposto ao longo do exercicio en máis dun 60%. Entendendo os orzamentos como a expresión económica das políticas municipais, e a liquidación dos mesmos como o grao de alcance dos obxectivos establecidos nos orzamentos, o resultado da xestión do goberno municipal non pode senón cualificarse de lamentable en todos os aspectos. Os datos presupostarios e as súas correspondentes modificacións amosan que o goberno municipal carece da máis mínima capacidade de planificación, de previsión e de ideas, mentres que o grao de execución presupostaria ofrece unha idea aproximada da súa ineptitude para levar a cabo os poucos proxectos que presentan á cidadanía. A xestión (ou máis ben a falta de xestión e control) do goberno municipal se caracteriza pola improvisación, a imprudencia e o seu carácter meramente reactivo, adoptando decisións sobre a marcha, sen proxectos e sen control de ningún tipo, tal e como se plasma nos presupostos e en todas as políticas (de persoal, de contratación, etc.) que acomete o goberno municipal.

Diríxese ao Sr. Alcalde e di que o goberno municipal carece de ideas e as poucas que teñen son absolutamente incapaces de executalas. Os cidadáns non se merecen un descontrol desa magnitude nin a indolencia e a neglixencia que caracteriza cada unha das súas actuación de goberno. Unha vez posta de manifesto, á luz dos datos que ofrecen as contas, a falta de credibilidade que caracteriza ao equipo de goberno co seu alcalde á cabeza, non sorprende a proposta de modificación presupostaria que se presenta como resposta á falta

29 de 64

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

de planificación, de previsión e ao descontrol presupostario ao que xa están acostumados e que se plasma, no caso do suplemento de crédito proposto, no esgotamento (en menos de seis meses), dos créditos asignados, mentres que no caso da proposta de dotación de crédito extraordinario o Partido Popular refírese a conceptos de gasto non previstos no presuposto e por tanto sen dotación crediticia algunha.

Di que o máis grave de todo isto é a natureza das partidas non previstas nos orzamentos ou con dotacións presupostarias cuxa insignificancia pon o goberno municipal de manifesto na proposta. Falan sobre todo de educación, dos centros nos que estudan os nenos de Culleredo, falan do conservatorio municipal, falan de deporte e falan da promoción da actividade económica e, por ende, do emprego no Concello de Culleredo; que falan, en suma, da educación dos seus fillos e do seu futuro, e por extensión, do benestar presente e futuro de todos os veciños do Concello. É destacable a inclusión de determinadas partidas acerca das que se carece totalmente de información concreta que permita adoptar un xuízo válido sobre o que basear o sentido do seu voto; refírese, por exemplo, á inclusión entre as mesmas dun busto (que non concretaron nin explicaron) por importe de 40.000 euros, cuxa pertinencia, urxencia non determinaron, así como tampouco a quen representará; que se refiren tamén ao mural e á escultura destinada ao CEIP de Tarrío e se refiren, por último, á necesidade de dotar fondos a maiores para partidas como festas populares, concursos, indemnizacións e previsión de necesidades ata fin de ano. Pregunta por que hai que indemnizar con 16.500 euros á empresa pola resolución do contrato de execución da obra do pavillón de Tarrío e pregunta tamén por que non se empezou a obra no prazo de catro meses establecido, e pregunta se esas obras non se van facer, interesándose tamén pola praza Europa, obra pola que tamén hai que indemnizar. Di que falan tamén doutras partidas non menos importantes como son as destinadas ao abono das horas extraordinarias que ano tras ano se veñen realizando masivamente no Concello de Culleredo por membros sobre todo da policía local pero tamén doutras áreas; horas extraordinarias que ditos colectivos se ven abocados a prestar de forma estrutural (e aproveita para recordarlle ao Sr. Alcalde a limitación xenérica de 80 horas extraordinarias anuais) e desde fai xa moitos anos pola incapacidade manifesta do goberno municipal para dotar dos efectivos necesarios para un Concello que supera con creces os 30.000 habitantes; horas extraordinarias cuxo único responsable é o alcalde e o seu equipo de goberno, ata tal punto que máis da quinta parte do total do modificativo de crédito que propón o goberno municipal se corresponde coas horas extraordinarias, sobre todo da policía local; tanto é así que se se teñen en conta única e exclusivamente o importe que nesa materia recolle o modificativo de crédito que se presenta, poderíase pagar o soldo e as cargas sociais de cinco policía locais; di que esa é a xestión do goberno municipal e ese é o seu fracaso e as súas consecuencias, véndose obrigados a sufrilos todos os veciños e veciñas de Culleredo. Dada a

C.I.F. P-1503100-H

30 de 64

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

importancia cualitativa dos conceptos de gasto cuxa modificación se solicita, que non especifica se son gastos xa executados, pendentes de pagamento ou son gastos futuros, di que os membros do Partido Popular de Culleredo non poden, por responsabilidade e altura de miras, opoñerse de plano a dita modificación porque, aínda que o goberno municipal o mereza, os cidadáns non, pois nin os cidadáns nin as empresas son culpables da falta de xestión e de planificación do goberno municipal. Que por todo iso empraza ao goberno municipal á retirada deste punto da orde do día de forma que poida ser tratado nun pleno extraordinario nos próximos días.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que non se pode retirar este punto da orde do día por unha cuestión de prazos pois é necesario que a modificación presupostaria que se presenta entre en vigor no actual exercicio; que se poden facer comentarios sobre o grao de execución orzamentaria que se verá o vindeiro venres na Comisión Especial de Contas pero que o único que se trae neste punto son as propostas feitas desde as distintas áreas, considerando que por responsabilidade se deben apoiar; di que tanto o Sr. Chouciño como a Sra. García Gorostizu teñen razón cando din que se houbera máis policía non sería necesario aboar tantas gratificacións extraordinarias pero ante a falta que hai neste momento o Concello vese abocado a pagar ditas horas para que os servizos se leven a cabo.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita de novo o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do BNG de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que vai empezar polo último dito pola Sra. Iglesias Becerra porque o das gratificacións extraordinarias non é algo exclusivo da Policía; que el se centrou niso porque é o groso pero non é o único e lembra un informe do xefe de Economía que dicía que non habería que pagarlle unha gratificación a dúas traballadoras porque non se podía acreditar que fixeran horas extras porque tampouco se podía acreditar que fixeran a súa xornada ordinaria xa que o goberno municipal non leva control do cumprimento da xornada. Di que, volvendo á emenda da que falou na súa anterior intervención, e tal como comentou a Sra. García Gorostizu, o Sr. Alcalde di que lle informan de que a emenda non pode ir como o propón o BNG porque se trata dunha modificación dunha base de execución e desde este Grupo entenden que si pode ir porque o punto primeiro é a aprobación dun expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito que non deixa de ser unha modificación do orzamento e polo tanto tamén se poderían modificar algunhas outras cuestións do orzamento e engade que ao actual goberno municipal non se lle pode deixar a posibilidade de que partidas destinadas por exemplo a arranxo de colexios se poidan adicar a algo diferente; di que hai que reconsiderar o importe adicado para un busto homenaxe e dedicalo a políticas para a muller e non a estatuas de mulleres; que entenden que a emenda do BNG, que busca que o nivel de

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

vinculación sexa o máis baixo e impida que se movan os cartos dunha para outra, non se pode aprobar neste punto, se retire da orde do día e se convoque un pleno extraordinario para dentro de dous días no que o primeiro punto sexa a modificación da base 3 das bases de execución; engade que o BNG está disposto a non cobrar dito pleno extraordinario; di que non é certo que a forma de vincular os créditos que el propón vaia dificultar o nivel de execución senón todo o contrario porque vai garantir que cada partida se gaste no que estaba previsto; anuncia que se non se fai así o seu voto será en contra.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que o goberno municipal votará a favor da emenda do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo.

Intervén a Sra. García Gorostizu e di que a situación que se está a dar con esta proposta parece un mercadeo e que ela pensa que o mellor sería deixar a proposta sobre a Mesa, analízala ben, incluír a emenda presentada polo voceiro do BNG, ver que propostas se poden aprobar e cales non, e convocar un Pleno extraordinario como moi tarde a vindeira semana.

C.I.F. P-1503100-H

O Sr. Alcalde-presidente indica que o asunto que se está a debater é algo moi serio e non contemplan a posibilidade de deixala sobre a Mesa, engadindo que o seu Grupo votará a favor da emenda do BNG e de retirar a partida destinada para o busto homenaxe, aclarando que este busto era unha escultura que estaba programada polo departamento de Cultura e Igualdade para colocar no Xardín Botánico do Burgo, nunha zona onde sempre se lle rende unha homenaxe á Muller, un busto con múltiples figuras femininas, sendo o importe da partida o prezo habitual deste tipo de bustos.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que os membros do seu Grupo vanse manter na súa postura inicial pero quere amosar a súa grande preocupación pola toma de decisións en cuestións de suma importancia que se resolven sobre a marcha; di que considera que as cousas se deben facer doutra maneira.

Intervén o Sr. Alcalde-presidente e di que comparte a opinión da voceira do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños pero que iso non cambia para nada o sentido do investimento que se vai facer.

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria as emendas presentadas polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo así como a retirada da partida 3341-62900, por importe de 40.000 euros, destinada á realización dun busto homenaxe; **con catorce (14) votos a favor**, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8) e Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Alternativa dos Veciños (2); **e sete (7) abstencións**, as dos

representantes do Grupo municipal do Partido Popular, **o Pleno municipal acorda:**

Primeiro.- Aceptar as emendas formuladas polo Bloque Nacionalista Galego de Culleredo e, en consecuencia:

1.- Modificar a base 3 das bases de execución do orzamento, no seguinte senso: a Base 3, que di

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, a área de gasto a nivel de clasificación por programas e o capítulo a nivel da clasificación económica.”

Queda redactada da seguinte forma:

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, o subprograma a nivel de clasificación por programas e a partida a nivel da clasificación económica.”

2.- Establecer que as distintas partidas sexan as que figuran nas memorias que constan no expediente.

Segundo.- Suprimir a partida 3341-62900, por importe de 40.000 euros, destinada a crédito extraordinario para a realización dun busto homenaxe

C.I.F. P-1503100-H

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, coas modificacións que derivan do acordo anterior; **con doce (12) votos a favor**, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8) e Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4), **sete (7) votos en contra**, os dos representantes do Grupo municipal do Partido Popular; **e dúas (2) abstencións**, as dos representantes do grupo municipal Alternativa dos Veciños (2), **o Pleno municipal acorda:**

Primeiro.- A aprobación inicial dun expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito, segundo o seguinte detalle:

1.1. Suplemento de crédito das seguintes aplicacións orzamentarias cuxa consignación precisa ser incrementada, por resultar o previsto insuficiente:

| Aplicación orzamentaria | | Importe suplemento de crédito | Descrición |
|-------------------------|-------|-------------------------------|--|
| 320 | 21200 | 35.000,00 € | Necesidades de realización de reparacións e mantemento: pintura, portas, peches perimetrais... |

C.I.F. P-1503100-H

| | | | |
|------|-------|--------------|---|
| 320 | 22799 | 40.000,00 € | Desenvolvemento das actividades de apoio ao currículo que se desenvolven en todos os centros educativos: educación ambiental, patrimonial, democrática, de prevención... |
| 320 | 22300 | 3.000,00 € | Desprazamentos en autobús de escolares por seguridade, desde os centros ata os lugares de desenvolvemento das actividades municipais: casa do concello, aula de natureza... |
| 323 | 21300 | 3.000,00 € | Reposición de maquinaria, electrodomésticos...:lavadora, secadora... |
| 323 | 22199 | 2.000,00 € | Subministros diversos para o normal funcionamento das escolas: estores, xogos exteriores.. |
| 3241 | 22199 | 5.000,00 € | Previsión de necesidades ata fin de ano. |
| 3241 | 22799 | 1.500,00 € | Programa BATUTAS E BASTÓNS: gravacións, gastos atención invitados... |
| 3341 | 22000 | 1.000,00 € | Material para a alta na rede de bibliotecas de Galicia: tarxetas de impresión de carnés e material de difusión para as bibliotecas municipais |
| 3341 | 22000 | 4.000,00 € | Necesitase material tanto de uso diario que o concello non aporta por falta de existencias como, fundas plásticas, carpetas, follas de plastificación... así como material específico para eventos e exposicións, cartón pluma, pegamento en spray, cinta de carroceros, cinta de dobre cara, bridas... |
| 3341 | 22609 | 110.000,00 € | Culleredo en escena: abarca toda a programación teatral e musical que se leva a cabo no Concello de Culleredo. |
| 3341 | 22609 | 25.000,00 € | Actividades para o fomento das festas tradicionais no noso concello: animación de rúas, obradoiros, etc |
| 338 | 20300 | 56.000,00 € | inspeccións técnicas, traslados de material, seguridade técnica, suspensión de calidade obxectivos acústico |
| 338 | 22799 | 20.000,00 € | Subministro de vallas, xeradores, grupos eléctricos, bochinchas, vallas de seguridade, baños |
| 341 | 22699 | 6.000,00 € | Competicións deportivas torneos municipais de fútbol de categoría afeccionados, xuvenís, infantís e torneos femininos en categoría afeccionada e cadete- Gastos derivados. Dereitos de arbitaxes, obsequios de honores deportivos (trofeos e medallas), auga para deportistas e outros. |
| 341 | 22699 | 18.000,00 € | Competicións deportivas obsequios de honores deportivos (trofeos y medallas),Mapas y planos. Ambulancias, servizos (carpas e wc químicos, vallas de seguridade) |
| 433 | 22799 | 121.000,00 € | Elaboración de campaña informativa do Nadal, realización campaña sensibilización 25N, rutas barítimas, concurso de escaparatismo, campaña de sorteos no comercio polo nadal, actividades de Samaín, montaxe e dinamización das carpas de nadal, actuacións de dinamización das rúas polo Nadal. |

| | | | |
|-----|-------|---------------------|---|
| 132 | 15100 | 105.000,00 € | Gratificacións – traballos realizados fora de xornada |
| | | 555.500,00 € | |

1.2. Crédito extraordinario nas seguintes aplicacións orzamentarias que deben de ser asignadas para a realización dos gastos que se especifican:

C.I.F. P-1503100-H

| Aplicación orzamentaria | Importe crédito extraordinario | Descrición |
|-------------------------|--------------------------------|---|
| 320 62900 | 15.100,00 € | Conxunto escultórico 50 aniversario CEIP Tarrío+ mural logotipo |
| 323 21200 | 25.000,00 € | Mantemento e reparacións dos edificios das escolas:pintura, desconchados.... |
| 3241 220.00 | 1.500,00 € | Material de oficina: necesario para a realización de todo o traballo do centro escolar |
| 3241 22706 | 15.960,00 € | Contrato 4 meses profesor de fruta e de piano |
| 3341 20500 | 25.000,00 € | Aluguer de carpas, cadeiras, mesas para poder levar a cabo as actividades culturais: ao carecer esta Administración dos mesmos. |
| 3341 21500 | 6.000,00 € | Actualización das estanterías e dos mobles máis deteriorados nas dúas bibliotecas |
| 3341 22001 | 2.376,23 € | Compra de libros a través da subvención da Xunta para actualizar o fondo bibliográfico |
| 3341 22100 | 15.000,00 € | Subministro de auga e luz para as actividades culturais no exterior |
| 342 20200 | 19.000,00 € | Ensinanza de natación O Concello non dispón de instalacións propias polo que é necesario alugar piscinas cubertas para poder promover o deporte |
| 342 221.99 | 5.000,00 € | Instalacións deportivas municipais acondicionamento de porterías e redes de balonmán e fútbol, acondicionamento de aros e redes de baloncesto. Subministro de botiquíns sanitarios nas instalacións deportivas municipais |
| 342 22699 | 1.721,34 € | Indemnización como consecuencia da resolución do contrato de execución da obra "Acondicionamento polideportivo descuberta da Plaza Europa" logo da suspensión da iniciación das obras por prazo superior a catro meses |
| 342 22699 | 16.435,50 € | Indemnización como consecuencia da resolución do contrato de execución da obra "Polideportivo Municipal de Tarrío" logo da suspensión da iniciación das obras por prazo superior a catro meses |

| | | | |
|------|-------|---------------------|--|
| 342 | 62300 | 23.000,00 € | Investimento novo en infraestruturas Polideportivo do Burgo. Arranxos precisos para a celebración de competicións oficiais. |
| 342 | 62300 | 15.000,00 € | Investimento novo en infraestruturas Polideportivo Ría do Burgo: marcador electrónico necesario para celebrar competicións oficiais. |
| 342 | 62300 | 15.000,00 € | Investimento novo en infraestruturas – Campo de fútbol de Tarrío. É necesaria a adquisición deste material que se exige para competicións federadas. |
| 342 | 62300 | 2.000,00 € | É necesaria a adquisición deste material que se exige para competicións federadas de ámbito nacional |
| 135 | 15100 | 45.000,00 € | Gratificacións – traballos realizados fora de xornada |
| 3241 | 15100 | 11.335,44 € | Gratificacións – traballos realizados fora de xornada |
| 920 | 15100 | 13.100,99 € | Gratificacións – traballos realizados fora de xornada |
| | | 276.629,50 € | |

1.3. Co seguinte financiamento:

C.I.F. P-1503100-H

| | | |
|----------|----|--|
| Concepto | de | 870.00 |
| ingresos | | Remanente de tesouraría para gastos xerais |
| Importe | | 832.129,50 € |

Segundo.- Modificar a base 3 das bases de execución do orzamento, no seguinte senso: a Base 3, que di

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, a área de gasto a nivel de clasificación por programas e o capítulo a nivel da clasificación económica.”

Queda redactada da seguinte forma:

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, o subprograma a nivel de clasificación por programas e a partida a nivel da clasificación económica.”

Terceiro.- Expoñer ao público por espazo de 15 días, previo anuncio no boletín oficial da provincia, o devandito expediente, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Si durante do mencionado prazo non se presentasen reclamacións, o suplemento de crédito e o crédito extraordinario consideraranse definitivamente aprobados.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE CULLEREDO PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTROL, SEGUIMIENTO E VIXILANCIA (REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 2023/11368, DE DATA 25/10/2023)

Nin o Sr. Alcalde nin a Sra. Palla Maceiras, voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, xustifican previamente a inclusión deste punto na orde do día, sen ditame previo.

***.- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (21), acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal Alternativa dos Veciños rexistro de entrada n.º 2023/11368 de 25 de outubro de 2023, relativa á creación dunha Comisión Especial de Control, Seguimento e Vixilancia:

«A concelleira de Alternativa dos Veciños e voceira do grupo municipal, Indrani Thais Palla Maceiras, en virtude do dereito que lle confire o Regulamento Orgánico Municipal, presenta para a súa aprobación polo Pleno a seguinte moción para a creación dunha Comisión Especial de Control, Seguimento e Vixilancia.

Exposición de motivos

A transparencia nas administracións públicas e o control aos equipos de goberno son cuestións esenciais do noso Estado de Dereito. Os concellos teñen a responsabilidade de avanzar nos mecanismos para que a transparencia sexa real, a labor efectiva e honradez sexa principio reitor na toma de decisións.

Con esta proposta queremos chamar ao compromiso do pleno para procurar un Concello onde a eficiencia e a transparencia sexan unha realidade; un concello no que os cullerdenses e cullerdensas teñan dereito a decidir coñecendo de maneira veraz o traballo realizado, tendo acceso a coñecer os acertos e tamén todas aquelas cuestións que é necesario mellorar, é o máis importante, que poidan comprobar o traballo que se está levando a cabo para que esa mellora sexa unha realidade. Vimos de aprobar por unanimidade nun pleno extraordinario celebrado con tal fin, o compromiso por parte do Goberno municipal de sacar a licitación os contratos dos servizos prestados o Concello, adecuando de este modo a situación a legalidade vixente.

Para conseguir o anterior creemos que é necesario poñer en marcha unha comisión especial de carácter permanente, de periodicidade mensual para controlar o estrito cumprimento da legalidade vixente, das normas administrativas, da legalidade dos contratos públicos, etc. Neste senso, tres son os alicerces fundamentais: avaliar a xestión orzamentaria eficiente e transparente, o máximo control sobre a contratación e o exhaustivo seguimento dos servizos á cidadanía.

Considerando o anteriormente exposto, Alternativa dos Veciños de Culleredo presenta para a súa aprobación polo Pleno do Concello a seguinte proposta de

ACORDO

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

Primeiro.- O pleno do concello de Culleredo asume a necesidade de mellorar os mecanismos de participación, control e transparencia na xestión municipal.

Segundo.- O pleno do concello de Culleredo acorda a constitución de xeito urxente dunha Comisión Especial de Control, seguimento e Vixilancia, de carácter permanente, con periodicidade mensual, para vixiar e revisar as cláusulas contractuais, garantir o seu cumprimento e realizar un seguimento da calidade dos servizos á cidadanía.

Terceiro.- O pleno do concello de Culleredo acorda que na devandita comisión estarán presentes o secretario xeral, o interventor xeral e un representante de cada grupo municipal. A comisión funcionará mediante o sistema de voto ponderado.

Cuarto.- O pleno do concello de Culleredo acorda que a devandita comisión terá potestade para requirir a presenza ou instar a que emitan informe por escrito sobre algún asunto concreto aos membros da Xunta de Goberno Local ou outros concelleiros que ostenten a responsabilidade dos expedientes a tratar, ao persoal do concello ou aos representantes das empresas contratadas.

Quinto.- Esta comisión elaborará unha memoria trimestral que se debaterá no pleno como punto propio da orde do día. A dita memoria recollerá os traballos realizados, así como a proposta de adopción de medidas de diagnose e mellora do funcionamento municipal para un uso racional e transparente dos recursos públicos.»

O Sr. Alcalde-presidente fai uso da palabra e di que lle solicita ao Grupo municipal Alternativa dos Veciños que a moción que se presenta neste punto quede sobre a Mesa ata a seguinte sesión plenaria para poder concretar coa Secretaría municipal como quedaría configurada dita Comisión.

A Sra. Palla Maceiras, voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, di que non hai problema en que quede sobre a Mesa pero que solicita a maior dilixencia nos trámites coa Secretaría municipal para levar a moción ao Pleno na seguinte sesión que se celebre.

Á vista do resultado das intervencións, a Moción do Grupo municipal Alternativa dos Veciños sobre a creación dunha Comisión Especial de Control, Seguimento e Vixilancia queda sobre a Mesa ata a seguinte sesión.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE CULLEREDO PARA A INCLUSIÓN NOS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2024 DE FONDOS DESTINADOS A DOTACIÓN DUNHA PISCINA OLÍMPICA EN CULLEREDO (REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 2023/11371, DE DATA 25/10/2023)

Nin o Sr. Alcalde nin o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do BNG, xustifican previamente a inclusión deste punto na orde do día, sen ditame previo.

***.- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (21), acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, rexistro de entrada n.º 2023/11371 de 25 de outubro de 2023, relativa a inclusión nos orzamentos da Xunta para 2024 de fondos destinados á dotación dunha piscina olímpica en Culleredo, e á que dá lectura o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido:

«Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Portavoz do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN PARA A INCLUSIÓN NOS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2024 DE FONDOS DESTINADOS Á DOTACIÓN DUNHA PISCINA OLÍMPICA EN CULLEREDO

O Concello de Culleredo é o centro da segunda comarca con maior poboación de toda Galiza, é por iso que o atravesan practicamente tódalas vías de comunicación que vertebran o País: AP9, A6, vías do tren, o aeroporto de Albedro... e o que fai do noso concello un territorio no que poidan instalarse dotacións públicas que oferten un servizo supramunicipal. Neste senso, o circuito galego de competición de deportes de auga que precisan de piscinas e instalacións adecuadas para a práctica deportiva de alto nivel, conta cunha eiva importante xustamente na Comarca da Coruña. En Galicia existen varias piscinas olímpicas, de 50 metros de lonxitude, coa dotación esixida para estas competicións: en Ourense, na mariña lucense en Cervo, na cidade de Pontevedra... mais na cidade da Coruña, contan cunha instalación semellante na Casa da Auga, que se demostrou insuficiente para acoller eventos de alta competición pola falta de espazos para público, vestiarios suficientes...

C.I.F. P-1503100-H

O Concello de Culleredo e, por extensión toda a Comarca da Coruña, conta cun alto número de deportistas federadas/os en diversos deportes de auga, que adoecen dunha falta de infraestruturas para o entreno e a competición. No caso do Concello de Culleredo, estes clubs deportivos vense abocados a arrendar instalacións na cidade ou noutras piscinas de titularidade privada, alugando carriles de piscina que, nalgúns casos, nin sequera permite o adestramento en condicións óptimas. O propio Concello de Culleredo aluga recurrentemente carriles de piscina a empresas privadas e públicas, incluso no propio Parque de Acea de Ama, para que algúns clubs do noso municipio poidan adestrar.

A Xunta de Galiza conta en Culleredo con instalacións deportivas no Parque de Acea de Ama con espazo suficiente para a súa ampliación, para poder dotar así este complexo acuático dunha piscina olímpica, ofrecendo este servizo a toda a Comarca e mellorando as actuais dotacións que levan anos sen coidarse nin actualizarse. As piscinas de dimensións olímpicas poden ser divididas con separacións retirables de forma que se dispón de dous vasos convencionais. Este investimento permitirá dispor dunha dotación pública axeitada para atender as demandas de actuais e potenciais usuarias e pechar o circuito galego de competición de alto nivel en deportes de auga.

Por todo o exposto, facéndonos eco da petición da veciñanza autoorganizada nesta loita, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e, se procede, aprobación dos seguintes

ACORDOS

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

1. *Presentar emenda ao orzamento da Xunta de Galiza para o 2024 solicitando a inclusión nestes Orzamentos para o exercicio 2024 de fondos suficientes para asegurar a dotación dunha piscina olímpica no Concello de Culleredo.*

2. *Trasladar á Xunta da Galiza a predisposición do Concello de Culleredo para acordar un convenio que permita dispoñer nesta instalación de reserva prioritaria dun espazo permanente para o adestramento dos clubs rexistrados no noso concello con un pago xusto por dita reserva de forma que permita a colaboración no seu financiamento.*

3. *Definir, en colaboración cos/coas técnicos municipais, a estimación do importe que se debería destinar a este investimento, co obxectivo de ser incluída como partida orzamentaria no orzamento da Xunta de Galiza.»*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo votará a favor porque se trata dunha necesidade que xa o seu Grupo Político puxo de manifesto noutras lexislaturas e, independentemente de que o que se pretendía era que a piscina se financiara con fondos municipais, son conscientes de que a necesidade está aí e, por coherencia política e por coherencia tamén con esa necesidade, o seu Grupo votará a favor.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que anuncia que o voto do seu Grupo será favorable.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Leites Maneiro quen, unha vez concedido, di que é curioso que o Sr. Chouciño solicite do Concello que medie coa Xunta para solicitar unha partida presupostaria para a creación dunha piscina olímpica cando o Concello de Culleredo xa dispón de moitos proxectos e distintas ubicacións para dita instalación. Pódense ler titulares en prensa sobre este tema e xa o 21/11/2019 Alternativa dos Veciños publicaba un titular no que falaba da súa proposta de construción dunha piscina nos terreos municipais do Polígono de Alvedro e informaba tamén de que dito Grupo presentara no Pleno unha moción para solicitar a construción dun complexo deportivo municipal dotado de piscina e ximnasio. Dous días despois o Concello respondía noutro titular dicindo que Culleredo pretendía construír dous complexos deportivos con piscinas durante o mandato (que xa finalizou sen dita construción), dicindo o Sr. Rioboo que o goberno municipal pretendía garantir por todos os medios que se cubriren as necesidades dos veciños do ámbito rural e do urbano, engadindo que entre as ubicacións posibles que se barallaban estaban os terreos da Garrocha, Celas, urbanizacións da Cross no Burgo, as proximidades do campo de fútbol do Olímpico de Rutis en Vilaboa, un solar contiguo ao campo de Tarrío, e o Polígono industrial de Alvedro. O 04/04/2023, unha vez máis, o Concello anunciou que rehabilitaría as naves da antiga fábrica da Cross e que se proxectaba a construción dun polideportivo, un centro de investigación e un

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

coworking e que na nave da avda. Xoan Carlos I, a máis pequena da Cross, se construíría un centro deportivo con piscina, ximnasio e sala de actividades cun investimento de seis millóns de euros, podéndose ler tamén que o alcalde non poñía data para a licitación pero aseguraba que sería pronto. Cinco meses máis tarde os veciños do Burgo son claros e din que reclaman fondos para a construción dunha piscina municipal. A Asociación veciñal O Noso Burgo presentou as súas peticións ao orzamento municipal do 2024, algunhas son vellas reivindicacións como a construción dunha piscina de titularidade municipal engadindo que o Concello de Culleredo tiña anunciado no 2022 a súa intención de reservar un espazo para dito equipamento nas antigas naves da Cross; di que o goberno local, presidido polo socialista Sr. Rioboo Castro, chegou a contratar unha consultoría para analizar a viabilidade desa actuación e os técnicos concluíron que a instalación desa antiga factoría sería un espazo idóneo aínda que de momento non transcenderon avances nese proxecto; pregúntase se esta moción será un corta e pega que lle envía o BNG desde Santiago e se se estará xa en modo eleccións autonómicas. Poden coincidir co fondo do que se solicita porque a necesidade dos veciños e dos clubs está aí pero aclaran que o que estes reclaman é unha piscina municipal, propiedade dos veciños, e non unha instalación allea ao Concello na que haxa que aboar por entrear e utilizar. O seu voto será de abstención e loitarán por unha piscina municipal tal e como anunciaron no seu programa e sobre isto levarán unha moción no próximo pleno.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, lle di ao Sr. Leites que o comentario sobre que desde Santiago lle mandan pedir unha piscina para Culleredo é o rizo do rizo. Que desde fai moito tempo se leva escoitando en Culleredo a idea de construír unha piscina municipal pero que nunca se chegou a tratar seriamente. Efectivamente Alternativa dos Veciños no seu momento fixo a súa proposta e desde o BNG comentaron por que o polígono de Alvedro non lles parecía o lugar máis adecuado, ao igual que a ubicación na Garrocha, pois queda moi afastado do lugar onde vive o 80% da poboación, ou na Cross, pois hai que lembrar o dito polo Secretario Xeral de Educación cando se lle propuxo alí unha parcela para un colexio e dixo que aquel lugar non estaba suficientemente descontaminado. Efectivamente hai varias propostas e a que se presenta neste punto é a proposta do BNG porque o que se busca é que haxa servizo independentemente de que a titularidade sexa municipal ou doutra Administración, algo que xa di o sentido común e está recollido nas leis que é a colaboración entre administracións. Nos primeiros parágrafos da proposta xa se fala da centralidade que na comarca ten Culleredo, o que permitiría xerar sinerxías, é dicir, que por un lado achegaría un servizo a toda a comarca que neste momento non ten e por outro lado estaría facilitando tamén un servizo a Culleredo porque non hai competicións todas as semanas nin adestramentos de

41 de 64

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

alto nivel todos os días da semana e un vaso de 50 metros podería dividirse con instalacións moviles de forma que quedaran dous vasos para poder organizar os adestramentos de alto nivel e o lecer. A colaboración non se debería limitar só a instalacións deportivas senón que se debera estar falando tamén de vivenda pública, tema no que a Xunta está desaparecida. A semana pasada presentáronse os orzamentos da Xunta e non hai un peso nin unha soa mención a Culleredo. O BNG leva presentando emendas ao orzamento desde fai moitos anos e se coordinan de forma comarcal e esta demanda é unha delas, pero o Partido Popular no Parlamento co seu rodillo bótaas todas abaixo. O BNG non decae na súa petición e por iso, este ano, ademais de presentar a emenda ao orzamento da Xunta, tráea ao Pleno para a súa aprobación. Roga que se reconsidere o voto do Partido Popular porque a moción está ben fundamentada e non presenta inconveniente ningún.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que a moción que se presenta neste punto é moi oportuna e nas conversas que o goberno municipal mantén coa Xunta de Galicia estanse a preparar os pregos para a licitación da nova piscina de Acea de Ama e teñen solicitado unha reunión para trasladar as necesidades que trasladan os veciños porque esa é unha piscina rendible para a concesionaria. Pode haber unha piscina municipal pero como ben dixo o Sr. Chouciño a colaboración entre administracións ten que existir e na Coruña, por exemplo, hai catro centros deportivos da Xunta de Galicia fronte a un financiado de forma municipal. Lle indica ao Sr. Leites que para facer unha piscina pública hai que facer un estudio de sostenibilidade onde se marcaría a idoneidade de determinadas zonas, correspondéndolle a algunha empresa acreditada facer dito estudio. O estudio referido xa o hai e se atopa nos servizos económicos para ver se os tramos económicos da construción son sostibles para o Concello de Culleredo porque hai unha tramitación que hai que respectar pois do contrario os reparos serían demoledores.

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Grupo municipal do BNG transcrita anteriormente, **con catorce (14) votos a favor**, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8), Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Alternativa dos Veciños (2) e **sete (7) abstencións**, as dos representantes do Grupo municipal do Partido Popular, **o Pleno municipal acorda:**

1. Presentar emenda ao orzamento da Xunta de Galiza para o 2024 solicitando a inclusión nestes Orzamentos para o exercicio 2024 de fondos suficientes para asegurar a dotación dunha piscina olímpica no Concello de Culleredo.
2. Trasladar á Xunta da Galiza a predisposición do Concello de Culleredo para acordar un convenio que permita dispoñer nesta instalación de reserva prioritaria dun espazo permanente para o adestramento dos clubs rexistrados no noso concello con un pago xusto por dita reserva de forma que permita a colaboración no seu financiamento.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

3. Definir, en colaboración cos/coas técnicos municipais, a estimación do importe que se debería destinar a este investimento, co obxectivo de ser incluída como partida orzamentaria no orzamento da Xunta de Galiza.

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE CULLEREDO PARA A INCLUSIÓN NOS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2024 DE SOLUCIÓNS Á MOBILIDADE PEONIL NO ÁMBITO DA AC-523 AO SEU PASO POR LEDOÑO (REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 2023/11372, DE DATA 25/10/2023).

Nin o Sr. Alcalde nin o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do BNG, xustifican previamente a inclusión deste punto na orde do día, sen ditame previo.

***.- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (21), acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

C.I.F. P-1503100-H

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, rexistro de entrada n.º 2023/11372 de 25 de outubro de 2023, relativa a inclusión nos orzamentos da Xunta para 2024 de solucións á mobilidade peonil no ámbito da AC-523 ao seu paso por Ledoño, e á que dá lectura a concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sra. Pérez Mosquera indicando que na mesma liña o Bloque Nacionalista Galego presentou unha moción para a súa inclusión nos orzamentos da Xunta para 2024 de solucións á mobilidade peonil no ámbito da AC-523 no seu paso por Ledoño:

«Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Portavoz do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN PARA A INCLUSIÓN NOS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2024 DE SOLUCIÓNS Á MOBILIDADE PEONIL NO ÁMBITO DA AC-523 AO SEU PASO POR LEDOÑO

A vía AC-523 que une Ledoño coas Encrobas veu exponencialmente incrementado o seu tráfico nos últimos anos, como consecuencia da súa conexión coas autovías A-6 e AC-14, así como pola actividade do Centro Loxístico de Culleredo. Esta vía, pertencente á rede primaria básica da Xunta de Galiza, divide a parroquia de Ledoño, causando un grave perxuízo á súa veciñanza, que debe cruzala para acceder a servizos básicos da vida diaria.

A AC-523, a pesar da súa alta densidade de tráfico, non conta con medida algunha para o control da velocidade de vehículos, o que aumenta o perigo para os peóns e ciclistas que transcurren por ela ou que se ven obrigados a cruzala, sen que estes contén tampouco con ningún elemento para permitirlles facelo en condicións de seguridade ótimas. Desafortunadamente, o estado de inseguridade para peóns e ciclistas nesta vía

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

xa ten cobrado algunha vida e causado numerosos incidentes, aos que a Xunta de Galiza segue sen dar resposta.

Os propios responsables da administración autonómica teñen admitido que non existe na actualidade proposta nin plan algún para dar resposta a esta demanda histórica da veciñanza de Ledoño, que pon diariamente a súa vida en risco para facer cousas tan sinxelas como levar ás crianzas ao parque ou á escola, ou ir a calqueira actividade no Centro Social.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e, se procede, aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. Presentar emenda ao orzamentos da Xunta de Galiza para o exercicio 2024 solicitando o estudo, licitación e execución das obras necesarias para dotar de solucións para a mobilidade peonil o ámbito da AC-523 ao seu paso por Ledoño.

2. Definir, en colaboración cos/coas técnicos municipais, a estimación do importe que se debería destinar a este investimento, co obxectivo de ser incluída como partida orzamentaria no orzamento da Xunta de Galiza.»

A Presidencia abre a quenda para o debate.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o Partido Popular tamén se reuniu cos veciños de Ledoño para escoitar as súas demandas e necesidades e vén que a moción do BNG non recolle todo o necesario para mellorar a seguridade desa estrada de titularidade autonómica. Falta concreción no solicitado e fálase de que falta algunha medida para o control da velocidade dos vehículos pero non se insta ao Concello a solicitala nin se fala de melloras de iluminación ou do necesario que sería a execución dunha glorieta para calmar o tráfico, medidas que desde o Partido Popular se traían ao Pleno como un rogo e que comunicaron xa tanto á Consellería de Infraestruturas como en prensa e nas redes sociais. Propoñen unha emenda á moción instando ao Concello a solicitar ante a DGT a colocación dun radar nos dous sentidos que intente aminorar a velocidade á que pasan os vehículos por esa estrada e a destinar unha partida do orzamento municipal para instalar iluminación nesa estrada que aínda que é de titularidade autonómica, é competencia do Concello a iluminación da mesma. Se se aceptan as emendas votarán a favor e en caso contrario abstención.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que a estrada é unha estrada de titularidade autonómica e polo tanto todo en materia de seguridade nesa estrada é de competencia autonómica e é a Comunidade Autónoma de Galicia, a mesma que destinou cero euros a Culleredo, a que lle di ao Concello de Culleredo que ten que investir nunha estrada autonómica que dá un servizo de interconexión entre Culleredo e Cerceda e que para o que realmente se fixo foi para facilitar o transporte na Central de Meirama. O

44 de 64

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

Concello de Culleredo, desde o ano 2011, reitera a necesidade de alumeado público. Que si é certo que o Concello, nun convenio que poderían subscribir coa Administración Autonómica, poderían facerse cargo do mantemento do alumeado público no tramo que pasa por Culleredo e nos escritos que se lles deixaron á conselleira Beatriz Mato, á conselleira Ethel Vázquez, e ao propio ex-presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijoo, se lles amosa o problema que hai nesa estrada de ámbito comarcal e o que hai tamén na AC-400 que une os núcleos de Sésamo, Celas, e outros que afectan a bastantes veciños do municipio de Culleredo, facendo caso omiso, sen que se aproveitara a oportunidade de ouro de consignar nos orzamentos deste ano aínda que só fora o proxecto, unha partida mínima que podería incrementarse posteriormente, pero alomenos sería un xesto. Quen ten que investir nesa estrada e quen se vai lucrar despois, se realmente o tráfico rodado é tan perigoso e hai velocidades desorbitadas nese tramo, é a propia DGT, e é a administración autonómica a que o ten que facer e así o dixeron. O Concello pode instar e axudar pero a administración autonómica, que é a que ten que facer o investimento, parece que ten outras prioridades. Agora dáse a casuística de que a construción dun centro escolar en Culleredo prevé unha rotonda nesa zona dentro dun plan de seguridade viaria pero só vai facilitar o acceso dos vehículos ao colexio privado, sen contemplar ningunha mellora para a seguridade dos peóns.

C.I.F. P-1503100-H

A Sra. García Gorostizu intervén e di que puidera ser que o motivo de que a Xunta non invista en Culleredo é pola propia xestión do Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-presidente di que el, persoalmente, tanto á anterior conselleira de infraestruturas como a actual, e ao propio presidente da Xunta de Galicia, lles enviou un amplo dossier que recollía as necesidades nesa estrada e outros investimentos necesarios tamén dentro do Concello de Culleredo.

A Sra. García Gorostizu intervén e novamente di que a xestión do Sr. Alcalde é a que ocasiona os problemas que ten e di que, no momento en que o seu Grupo fixo a solicitude na administración autonómica, lles trasladaron que a competencia para instar á DGT e para o alumeado público é do Concello polo que sería este o que tivera que arranxar esa zona. A rotonda da que se falou serviría para calmar o tráfico.

O Sr. Alcalde-presidente fai uso da palabra a di que en Culleredo hai unha autovía, unha autopista, unha terceira ronda, ACs, sendo as administracións competentes as que as teñen que manter en bo estado.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que uns polos outros a casa sen barrer e recórdalle á Sra. García Gorostizu aquilo que de un é dono dos seus silencios e escravo das súas palabras. Non hai tanto tempo que a Sra. García Gorostizu dixo no Pleno que

45 de 64

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

ela non tería ningún problema en votar a favor dos veciños e das veciñas de Culleredo porque non ten problema ningún coa disciplina de partido e lle aclara que hai xente que morre nesa estrada, que hai xente que non pode cruzar e é necesario un paso para eles. Lle di que se non ten problema e non ten disciplina de partido que vote a favor da moción que se presenta neste punto presentando unha emenda aos orzamentos da Xunta e que despois faga un rogo no punto correspondente, no que o BNG votará a favor para que o Concello faga o que ten que facer.

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Grupo municipal do BNG transcrita anteriormente, **con catorce (14) votos a favor**, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8), Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Alternativa dos Veciños (2) e **sete (7) abstencións**, as dos representantes do Grupo municipal do Partido Popular, **o Pleno municipal acorda:**

1. Presentar emenda ao orzamentos da Xunta de Galiza para o exercicio 2024 solicitando o estudo, licitación e execución das obras necesarias para dotar de solucións para a mobilidade peonil o ámbito da AC-523 ao seu paso por Ledoño.
2. Definir, en colaboración cos/coas técnicos municipais, a estimación do importe que se debería destinar a este investimento, co obxectivo de ser incluída como partida orzamentaria no orzamento da Xunta de Galiza.

C.I.F. P-1503100-H

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE CULLEREDO PARA A INCLUSIÓN NOS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2024 DE FONDOS DESTINADOS Á EXECUCIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE INTERIOR DO PARTE ACEA DE AMA (REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 2023/11374, DE DATA 25/10/2023).

Nin o Sr. Alcalde nin o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do BNG, xustifican previamente a inclusión deste punto na orde do día, sen ditame previo.

***.- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (21), acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, rexistro de entrada n.º 2023/11374 de data 25 de outubro de 2023, relativa a incoación de expediente para a modificación da ordenanza fiscal número 13 sobre as taxas de dereitos de exame de probas selectivas, e á que dá lectura o concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira:

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

«Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Portavoz do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN PARA A INCLUSIÓN NOS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2024 DE FONDOS DESTINADOS Á EXECUCIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE INTERIOR DO PARQUE DE ACEA DE AMA

O Parque de Acea de Ama, coñecido por toda a veciñanza cullerdense como o Parque da Laboral, é un espazo de titularidade autonómica a través da Secretaría Xeral para o Deporte. Nas últimas décadas, o que antes constituía un gran recinto verde, pulmón da área urbana do noso concello, un espazo para o lecer e o deporte, foise reducindo para dar cabida a novos centros educativos como o IES Eduardo Blanco Amor, o CEIP Ría do Burgo, ou o IES Rego de Trabe. Estas novas dotacións, construídas durante os últimos 25 anos, aumentaron o tránsito diario polo Parque de Acea de Ama de milleiros de mozas e mozos que se achegan ao seu centro educativo, e que se suman ao alumnado do CEIP Sofía Casanova e do propio IES Universidade Laboral.

Mais nos últimos 25 anos, a mobilidade no interior do Parque non ten mudado o máis mínimo. Miles de mozos camiñan a diario polo seu interior compartindo accesos e espazo de tránsito co tráfico rodado, sen contar con beirarrúas, pasos de peóns ou carril ciclable para chegar aos seus centros con seguridade. O que xa supón por si un grave risco para tódolos usuarios/as do Parque, vese aumentado pola falta de alumeadado, fundamental nun espazo cun horario de apertura entre as 7:30 e as 23:00 horas.

O Pleno do Concello de Culleredo aprobou en novembro de 2012 o "Plan Especial no ámbito da Universidade Laboral do Burgo PE-3" a proposta da Consellería de Cultura, Educación e 1 Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para a ordenación dos diferentes espazos e dotacións que conforman o recinto, incluíndo ademais un Plan de Intervención Viaria que dotase a estas instalacións dunha trama de accesibilidade e mobilidade. Pasaron máis de 10 anos, nos que efectivamente continuaron a aumentar as dotacións educativas presentes no Parque, pero no que a única actuación no eido da mobilidade foi transformar pistas deportivas de fútbol e baloncesto en aparcadoiros para vehículos destinados a usuarios dun ximnasio que contaban xa con espazo suficiente para deixar o seu vehículo a menos de 200 metros. Mentres tanto, miles de crianzas e mozas seguen a facer a ruta diario ao seu centro educativo en condicións de alta inseguridade.

Por todo o exposto, facéndonos ademais eco da petición da veciñanza autoorganizada, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e, se procede, aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. Polo presente acordo a Corporación Municipal de Culleredo presenta emenda ao orzamento da Xunta de Galiza para o 2024 solicitando a inclusión nestes Orzamentos para o exercicio 2024 de fondos suficientes para asegurar a execución do Plan de Ordenación Viaria incluído no "Plan Especial no ámbito da Universidade Laboral do Burgo PE-3", redactado pola propia Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e aprobado por este Concello en sesión plenaria do 29 de novembro de 2012.

2. Definir, en colaboración cos/coas técnicos municipais, a estimación do importe que se debería destinar a este investimento, co obxectivo de ser incluída como partida orzamentaria no orzamento da Xunta de Galiza.»

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

A Presidencia adianta o apoio do Partido Socialista e a continuación abre a quenda para o debate.

Seguidamente solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que anuncia tamén o seu voto favorable porque todo aquilo que sexa bo para os veciños e veciñas de Culleredo contará co seu voto a favor.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo está tamén totalmente de acordo coas demandas e votará a favor da moción.

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Grupo municipal do BNG transcrita anteriormente, **por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes (21), o Pleno municipal acorda:**

1. Polo presente acordo a Corporación Municipal de Culleredo presenta emenda ao orzamento da Xunta de Galiza para o 2024 solicitando a inclusión nestes Orzamentos para o exercicio 2024 de fondos suficientes para asegurar a execución do Plan de Ordenación Viaria incluído no "Plan Especial no ámbito da Universidade Laboral do Burgo PE-3", redactado pola propia Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e aprobado por este Concello en sesión plenaria do 29 de novembro de 2012.

2. Definir, en colaboración cos/coas técnicos municipais, a estimación do importe que se debería destinar a este investimento, co obxectivo de ser incluída como partida orzamentaria no orzamento da Xunta de Galiza.

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE CULLEREDO PARA EMENDAR OS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2024 PARA QUE INCLÚAN FONDOS DESTINADOS Á DOTACIÓN NO RURAL DE CULLEREDO DUN CENTRO QUE IMPARTA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 2023/11375, DE DATA 25/10/2023)

Nin o Sr. Alcalde nin o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do BNG, xustifican previamente a inclusión deste punto na orde do día, sen ditame previo.

***.- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (21), acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, rexistro de entrada n.º 2023/11375 de data 25 de outubro

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

de 2023, relativa a emendar os orzamentos da Xunta para 2024 para que inclúan fondos destinados á dotación no rural de Culleredo dun centro que imparta Educación Secundaria Obrigatoria e á que dá lectura o concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez:

«Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Portavoz do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN PARA EMENDAR OS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2024 PARA QUE INCLÚAN FONDOS DESTINADOS Á DOTACIÓN NO RURAL DE CULLEREDO DUN CENTRO QUE IMPARTA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

O alumnado en idade de escolarización obrigatoria e residente nas parroquias rurais do Concello de Culleredo sofre a diario unha absoluta discriminación respecto do acceso a unha educación de calidade, especialmente aqueles cursando estudos de Educación Secundaria. Centos de alumnas e alumnos que contan cun centro de Educación Primaria no centro xeográfico do noso concello, dando servizo a tódalas nosas parroquias rurais, unha vez acceden á Educación Secundaria Obrigatoria, vense obrigadas a trasladarse até 14 ou 15 kilómetros para chegar ao seu centro educativo. Isto tradúcese en desprazamentos en autobús de case 2 horas diarias, un tempo que estas alumnas e alumnos teñen que reducir do seu tempo de estudio, descanso ou lecer.

Esta discriminación ten mobilizado ás familias afectadas que nes trasladaron ao Concello de Culleredo e á propia Consellería de Educación da Xunta de Galiza as súas propostas e demandas para rematar co agravio comparativo no acceso á educación que supón o afastamento do alumnado rural respecto dos centros de Educación Secundaria Obrigatoria. Recolleron máis de 1.000 sinaturas, promoveron a presentación de mocións aprobadas por UNANIMIDADE polo 1 Pleno deste Concello, participaron en reunións cos responsables políticos da administración autonómica... demostrando a urxencia na procura de solucións e o apoio popular á necesaria dotación no rural de Culleredo dun centro que imparta Educación Secundaria Obrigatoria. A iniciativa beneficiaría a toda a comunidade educativa de Culleredo, facilitando o acceso ao alumnado do rural e aminorando a saturación doutros centros en parroquias urbanas, e incluso permitindo aforrar económica e ambientalmente no transporte do alumnado.

Por todo o exposto, facéndonos eco da petición da veciñanza autoorganizada nesta loita, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e, se procede, aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. Polo presente acordo a Corporación Municipal de Culleredo presenta emenda ao orzamento da Xunta de Galiza para o 2024 solicitando a inclusión nestes Orzamentos para o exercicio 2024 de fondos suficientes para asegurar a dotación ao rural de Culleredo dun centro que imparta Educación Secundaria Obrigatoria, sexa a través dun IES ou dun CPI, que evite o agravio das familias do rural en canto ao acceso á ensinanza obrigatoria.

2. Comunicar a predisposición do Concello de Culleredo a procurar os terreos precisos en caso de escoller facer un novo centro ou unha ampliación do centro de Educación Infantil e Primaria existente en Tarrío.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

3. Definir, en colaboración cos/coas técnicos municipais, a estimación do importe que se debería destinar a este investimento, co obxectivo de ser incluída como partida orzamentaria no orzamento da Xunta de Galiza.»

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Non habendo intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do Grupo municipal do BNG transcrita anteriormente e, **por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes (21), o Pleno municipal acorda:**

1. Polo presente acordo a Corporación Municipal de Culleredo presenta emenda ao orzamento da Xunta de Galiza para o 2024 solicitando a inclusión nestes Orzamentos para o exercicio 2024 de fondos suficientes para asegurar a dotación ao rural de Culleredo dun centro que imparta Educación Secundaria Obrigatoria, sexa a través dun IES ou dun CPI, que evite o agravio das familias do rural en canto ao acceso á ensinanza obrigatoria.

2. Comunicar a predisposición do Concello de Culleredo a procurar os terreos precisos en caso de escoller facer un novo centro ou unha ampliación do centro de Educación Infantil e Primaria existente en Tarrío.

3. Definir, en colaboración cos/coas técnicos municipais, a estimación do importe que se debería destinar a este investimento, co obxectivo de ser incluída como partida orzamentaria no orzamento da Xunta de Galiza.

C.I.F. P-1503100-H

10.- CONTROL E SEGUIMIENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

10.1.- PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE CULLEREDO 2023. DACIÓN DE CONTA (DOC. UIT17I0046).

A Presidencia dá conta do plan anual de control financeiro do Concello de Culleredo, exercicio 2023, presentado pola señora interventora municipal en data 9 de outubro de 2023 (código de documento UIT17I0046).

10.2.- ROGOS E PREGUNTAS

A Presidencia pregunta se algún dos membros do Pleno ten algún rogo ou pregunta que facer:

10.2.1.- Preguntas presentadas no Rexistro municipal en data 30/10/2023 (registro número 2023/11512) pola Sra. Palla Maceiras, voceira do **Grupo municipal Alternativa dos Veciños**, que se transcriben na súa integridade:

«1.- ¿A fecha 31 de outubro de 2023 cal é o número de persoas que sendo traballadores do Concello de Culleredo se encontra en situación de baixa laboral?»

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

2.- *¿ Que procedemento se segue no Concello de Culleredo para cubrir o persoal que se encontra en tal situación, facendo especial mención a se son baixas de curta ou longa duración?*

3.- *¿Cal é o número de traballadores do Concello de Culleredo que acadaron a xubilación nos últimos 4 anos? ¿Esa baixas procedentes da xubilación foron cubertas?*

4.- *No momento presente, ¿resulta necesario cubrir postos nalgún departamento? ¿Que mecanismos se están articulando para elo?*

5.- *¿Cando a Alcaldía fai mención os problemas de persoal no Concello a que se refire de maneira particular?*

6.- *¿Estanse articulando todos os mecanismos necesarios para poñer solución a devandita situación?»*

Resposta da Sra. Concelleira do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes: vai facer un resumo dos datos pois o escrito tivo entrada no Concello o día 30 de outubro e houbo pouco tempo para preparar a resposta. O número de baixas a día da sesión é de 24, das que 15 son de longa duración e 5 exceden do ano, 4 de media e 5 de curta duración. No 2019 houbo dúas xubilacións, no 2020 seis, no 2021 catro, no 2022 catro e no 2023 dúas; de momento non puideron ser cubertas porque as ofertas públicas das taxas de reposición non se poden publicar ata o ano seguinte e agora estase rematando de executar a do 2021 da que falta unha única praza, a de enxeñeiro, que non se puído ditaminar favorablemente e por iso está pendente; a oferta do ano 2022 é a que se vai publicar agora no 2023 e as baixas do 2023 se publicarán na OPE do 2024; das que se puideron cubrir, e que están publicadas en oferta pública, están todas cubertas menos unha. Fálase da falta de persoal porque é unha realidade que sofren todos os departamentos en maior ou menor medida porque son anos xa de taxas de reposición que só permiten repoñer os efectivos que decaen ben por xubilacións ou incapacidades do ano anterior e, aínda que ben é certo que nalgúns colectivos a taxa non é do 100% e se pode chegar ao 120%, a realidade é que, aínda que a nivel autonómico ou a nivel nacional a taxa do 120% pode funcionar, en Culleredo seguen a ser números insignificantes pois unha taxa de 120 de dous seguen a ser dous, sendo ese o motivo polo que si se cobren os postos que decaen pero custa moito incrementar postos. Os mecanismos que se usan ás veces veñen dados por proxectos e programas aos que se pode vincular determinado persoal sen estar suxeitos á taxa de reposición. O procedemento para cubrir o persoal en IT é con listas de interinaxe en casos de baixas de longa duración; en caso de baixas curtas non porque a duración dos prazos administrativos do procedemento soe ser moito máis longa que a duración da baixa.

A Sra. Palla Maceiras solicita intervir e pregunta se se pode afirmar que as 15 baixas de longa duración están cubertas coas listas para interinaxe.

C.I.F. P-1503100-H

Responde a Sra. Figueroa Fuentes e di que nos grupos nos que hai ditas listas, xa que non as hai en todos, as baixas de longa duración nas que o servizo solicita que se cubran cúbreñe coas listas de interinaxe.

10.2.2.- Rogo presentado no Rexistro municipal en data 26/10/2023 (registro de Entrada 2023/11455) polo Sr. Méndez Mosqueira, concelleiro do **Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo**, que se transcriben na súa integridade:

«(.../...)»

Segundo o Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Culleredo, no seu artigo 85, punto 7:

"7. Pregunta, é calquera cuestión planteada aos Órganos de Goberno no seo do Pleno. Poden formular preguntas todos os membros da Corporación, ou os grupos municipais a través dos seus voceiros. As preguntas formuladas oralmente no transcurso dunha sesión serán xeralmente contestadas polo seu destinatario/a na sesión seguinte, sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta inmediata."

No Pleno Ordinario do pasado mes de setembro de 2023, este concelleiro formulou varias preguntas en relación co Conservatorio Profesional de Música do noso concello que quedaron sen resposta e das que tampouco ten recibido resposta por escrito.

Por todo o exposto,

SOLICITA

Se dea resposta por parte da Concelleira Delegada competente na materia, Dona Cristina Pardo, no vindeiro Pleno Ordinario convocado para a súa celebración o martes 31 de outubro de 2023, ás preguntas que quedaron sen resposta no pasado Pleno, nomeadamente as seguintes:

- *cal é a motivación para que o estudantado do Conservatorio Municipal inicie as súas aulas con dúas semanas de retraso, e da súa correspondente perda de tempo lectivo?*
- *solicitouse autorización á Consellería de Educación para contradicir o sinalado na súa Orde do 3 de maio e non iniciar o curso o 11 de setembro? cal foi a motivación trasladada á Xunta de Galicia para ese cambio? recibiron dita autorización?*
- *cal é a motivación para que un ano máis, as clases no conservatorio comecen con 5 prazas de profesorado vacantes?*
- *cando pensan repoñer a figura do profesor acompañante?»*

Resposta da Sra. Concelleira do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes: cre que estas preguntas xa foron contestadas por escrito pero non ten inconveniente en contestalas agora. O BNG preguntou polo retraso no comezo das clases, polas prazas de profesorado vacantes e pola figura do profesor acompañante. Desde o servizo de Educación elaborouse un informe co número de matriculados por grupo e por curso.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

A continuación o Sr. Méndez Mosqueira intervén e di que se lle esquece unha das preguntas, cal é se se solicitou autorización á Consellería de Educación para contradicir o sinalado na súa Orde do 3 de maio e non iniciar o curso o 11 de setembro, cal foi a motivación trasladada á Xunta de Galicia para ese cambio e se recibiron dita autorización.

A Sra. Figueroa Fuentes di que foi unha decisión do claustro, como así figura no informe do director do Conservatorio, por baixas por IT, das que dúas foron notificadas no mes de setembro e non se contaba con elas polo que o claustro, composto por 17 profesores, decidiu que non se podía iniciar o curso mentres non se reorganizara todo o traballo e faláron coa Consellería notificándolle que o curso ía iniciarse o día 25. A Consellería non se pronunciou nin a favor nin en contra. Respecto das cinco prazas denominadas vacantes polo BNG, só unha é realmente unha vacante porque non ten titular, sendo as restantes baixas por IT (3), e excedencia (1). Respecto do procedemento, a petición dos pais e tamén algunha reivindicación no Pleno, pediuse a renovación das listas do Conservatorio porque existía o problema dos poucos aspirantes que se presentaban aos procesos e se fixo un proceso máis áxil, con probas máis fáciles e máis cómodas, acabándose de pechar as listas no mes de setembro que foi cando se fixeron os chamamentos para a cobertura desas prazas e agora está pendente de fiscalización de Intervención, detectándose que unha das persoas titulares comunicou que está de alta polo que hai que refacer a resolución para poder fiscalizala correctamente. Respecto da figura do pianista acompañante solucionárase cando haxa vacante porque das 5 que hai 3 son de piano e no momento en que se incorporen esas 3 persoas, que xa aceptaron, poderase iniciar o proceso de pianista acompañante. Respecto do informe solicitado indica que o departamento de Educación si fai un informe pero que se trata dun documento interno que recolle todo o relativo ás matrículas a efectos de organización municipal de actividades municipais, mantemento dos centros e control da escolaridade obrigatoria. A solicitude trasladouse aos organismos competentes da Consellería de Educación porque son os que teñen os datos de forma oficial e no momento en que se conte con eles se dará traslado.

C.I.F. P-1503100-H

O Sr. Méndez Mosqueira fai uso da palabra e di que efectivamente o BNG recibiu un informe da Dirección do Centro que respondía a unha solicitude que fixeron por escrito e que non ten nada que ver coas preguntas que fan no Pleno aos responsables políticos e responsables últimos da actividade municipal. Tanto polo informe da dirección do Centro como pola resposta actual do goberno municipal, pode comprobarse que non se solicitou á Consellería de Educación a modificación na data de inicio do curso, e a Orde da Consellería é clarísima, dicindo o que de seguido se transcribe:

"Disposición adicional primeira. Modificación do calendario escolar e comedores escolares

1. As xefaturas territoriais, por circunstancias concretas de organización, poderán autorizar a modificación das datas de comezo e remate das actividades lectivas e de funcionamento dos comedores escolares.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

2. Calquera modificación que se precise facer no calendario escolar deberá ser solicitada, como mínimo con quince días de antelación, polo centro interesado á xefatura territorial correspondente que, logo do informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa e dos que considere oportunos, resolverá o que proceda.”

Segundo dita Orde, se o equipo directivo do Centro decide modificar o inicio do curso tenllo que solicitar e ten que ser autorizado pola Xefatura Territorial, algo que o goberno municipal, como responsable político, debiera saber e facer cumprir, pero en Culleredo non se fixo, e cambiouse a data de inicio das actividades lectivas porque si. Pide que se imaxinen se cada colexio, cada centro educativo, decidira por si mesmo iniciar as actividades lectivas cando lle pete porque así o decide o equipo directivo, engadindo que ao goberno municipal, aos responsables políticos, dálles exactamente igual que os estudantes do Conservatorio perdan dúas semanas de clase. O informe do equipo directivo sinala que o martes, 5 de setembro, primeiro día tralas vacacións do mes de agosto, atópanse con que non contan con cinco profesores e que, ante tal acontecemento sobrevido (como se non escoitaran ás familias do Conservatorio durante meses, o pasado curso, solicitar que se cubriaran todas as prazas de profesorado no Centro). A ANPA do Conservatorio do Burgo segue agardando que a concelleira de Educación se reúna con eles e, pese a telo solicitado por escrito, non obtiveron nin unha soa chamada como resposta. Pide que se informe cal é a praza da que o titular comunicou a alta e cando se pensa facer efectiva a contratación das outras catro.

C.I.F. P-1503100-H

A Sra. Figueroa Fuentes di que a praza da que o seu titular causou alta é a praza de guitarra, polo que a resolución que está pendente de fiscalizar, que inclúe esta praza para ser cuberta por un interino, ten que refacerse e iso conleva outro retraso. Di que os prazos no calendario parecen moi longos pero ao cingirse á administración pública, á formación das listas, á reunión dos tribunais, á confección das listas definitivas, etc, levan un procedemento que non sempre é todo o áxil que lles gustaría polo que, cando se fala do 5 de setembro e de que a data actual non están contratados, pode parecer que se trata dun período moi longo pero se se teñen en conta os prazos de exposición pública para alegacións, ao que todo o mundo ten dereito, non resultan tan longos. A día de hoxe a resolución está para fiscalizar e xurdiu o imprevisto do que falou e que isto é algo que non está nas mans nin dos responsables políticos, nin na dirección do Conservatorio nin nos demais profesores.

10.2.3.- Rogos feitos “in voce” pola Sra. Pérez Mosquera, concelleira do **Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo**. En primeiro lugar roga poder dispoñer dun salón de plenos acorde co Concello de Culleredo e non andar coas prolongacións cos micros para poder falar sen pasar de cable en cable. Roga, respecto do que se vén de aprobar en puntos anteriores sobre a Rúa Miguezas, en Cillobre, que se concrete o investimento nos orzamentos porque levan xa moito tempo agardando a que se arranxe esa rúa e todo o sendeiro que vai cara a San Cosme. En Boedo puxeron a televisión pero en Orro non. A pechadura do centro de Boedo segue rota, sen arranxar. Roga tamén que o asunto do ARI da Fonte da Balsa non serva de desculpa porque agora

54 de 64

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

mesmo, con todo o temporal que está a pasar, pódese pasar por alí e saír cheos de barro polo que non se debe agardar para arranxar a rúa e conseguir que os coches e a xente poidan andar polas rúas do Concello.

10.2.4.- Rogo feito "in voce" polo Sr. Chouciño Garrido, voceiro do **Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo**: pide que a certificación do punto número 4 desta sesión se prepare canto antes para poder publicalo sen demora. Di que correu como a pólvora a noticia, despois do Pleno do pasado martes sobre os empregados do servizo de limpeza viaria e de limpeza de edificios, que a empresa vai ir a un ERTE. O Sr. Alcalde dixo que no caso de que a empresa fixera un ERTE o Concello tomaría medidas e lle pregunta se xa pensou que medidas vai tomar.

Resposta do Sr. Alcalde: desde o momento no que se notificou ese ERTE, o servizo de Contratación do Concello, que é o que ten que velar polos contratos, prorrogados ou non, está a facer os informes pertinentes respecto de que se respecten as condicións dos servizos que entraron en ERTE. Di que 45 dos 46 traballadores que se atopaban nunha asemblea que se celebrou aprobaron o ERTE e o Concello ten que velar porque iso non implique unha falta no cumprimento do servizo.

C.I.F. P-1503100-H

O Sr. Chouciño Garrido di que a empresa vela polos seus intereses, os traballadores polos seus, e que o Concello ten que velar polos intereses de todos e engade que o que alí se acordou foi un ERTE de redución temporal no horario semanal dos traballadores. Pregunta que vai pasar coas horas que ese traballador ou traballadora non vai cumprir porque se supón que o servizo está dimensionado para traballar 40 horas. Di que supón que o Concello pagará polo traballo realmente feito e non polo que se viña prestando ata o momento.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que son os servizos económicos e de contratación do Concello os que teñen que velar polo cumprimento dos contratos e ver a afección que a situación ten na prestación do servizo.

O Sr. Chouciño Garrido di que o BNG deixa feito o rogo de que se lle teña ao día nesta cuestión.

A continuación diríxese á Sra. Iglesias Becerra e lle di que os membros do seu Grupo intentan non traer todo ao Pleno e facer uso dos demais órganos colectivos e que, na comisión informativa, cando se falou do recheo do Pablo Picasso, claramente unha obra ilegal porque existe un informe da enxeñeira agrónoma do Concello dicindo que alí se fixo un recheo e que ela non puido entrar para comprobar dito recheo ao estar valado con arame pero que ao recorrer o seu perímetro se apreciaban alí desniveis no recheo de dous metros con materiais de obra totalmente inadecuados para facer un recheo e cunha gran pendente (madeira, plásticos, materiais con baixa capacidade de compactación, etc). Que a Sra. Concelleira dixo que se abriera un expediente de reposición da legalidade e recórdalle o que lle dixeron respecto do ICIO, un imposto de construcións, instalacións e obras que toda persoa que presenta unha comunicación previa para facer unha obra na súa casa ten que pagar na cantidade do 3,5% nese concepto, ou sexa 35 de cada 1000 euros que custe a

55 de 64

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

obra. Se unha persoa que fai unha obra na súa casa ten que pagar, non pode ser que unha empresa, que fai un recheo aínda por riba ilegal saia impoluta simplemente por non ter pedido licenza. Esta non é unha simple opinión do BNG e no seu momento levaron unha proposta ao Pleno onde lembraron o que di a propia ordenanza municipal, que só calca o que di a Lei, que é o seguinte: "(.../...) *Artigo 1. Feito imponible: o imposto Artigo 1.- Feito imponible 1. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cun feito imponible constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, tendo ou non a mencionada licenza (.../...)*".

Se derivado do expediente de reposición de legalidade se lle mandara retirar todo o alí depositado, isto constituiría tamén unha obra e tamén devengaría ICIO. A marxe do expediente de reposición da legalidade hai que facer unha valoración do que se fixo alí e xirarlle o ICIO, independentemente de que despois se as obras son ilegalizables haxa que retirar todo o depositado e se lle pase o ICIO polas obras de retirada. Non é o único recheo senón que tamén se ven preto do Río Valiñas e o BNG, que está moi atento ás resolucións da Alcaldía, non viu ningunha resolución autorizando o recheo de terras que alí se fixo, que nin tan sequera son recheos senón depósitos de terras.

Di que ten outro rogo xa que o outro día, na Comisión informativa de Economía e Facenda, deron conta da Conta Xeral e o BNG quere dispoñer do informe de reparos do que xa se dixo que houbo un pequeno problema e que se está a elaborar agora, solicitando que se prepare para cando se ditamine a Conta Xeral.

Todos os anos o BNG pide que se lle aporte un informe das discrepancias sobre cada un dos reparos, un dereito que como concelleiros teñen en base á Lei de transparencia e bo goberno; de non achegarse para ditaminar a Conta Xeral, para o BNG constituirá unha eiva importante na documentación que se achegue.

Di que, por último, quere preguntar por terceira vez nesta semana por unha noticia que está circulando pola prensa respecto de que existe un informe da Intervención do Consorcio das Mariñas para a suba dun 30% do recibo do lixo cada ano; ningún dos concelleiros do BNG ten ese informe, descoñecendo se o resto de membros da Corporación dispoñen del, pese a ter preguntado na comisión informativa e na xunta de voceiros, sendo inexplicable que non haxa unha dación de conta sobre ese informe, cunha explicación, tal como teñen solicitado nas sesións, de por que non hai un informe da actividade municipal e en particular dese tema; roga que se faga chegar dito informe ao BNG porque queren ver en base a que se decide que se suba o 30% o recibo de lixo e que alternativas se avaliaron.

Resposta do Sr. Alcalde-presidente: o Pleno no que se acordou esa subida na taxa foi celebrado onte e todos os concellos membros do Consorcio acordaron dar conta aos seus respectivos plenos e que todos os membros da Corporación poidan ter un enlace a toda a documentación e información do Consorcio As Mariñas. Na lectura do informe do interventor do Consorcio, que cre que está colgado no portal de dito órgano, vese xustificada esa subida que non comparte pero ten a obriga de asumir. O Consorcio ten autonomía para decidir esas subidas que vén derivada pola incertidume que existe coa planta de Nostián, os

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

rechazos que está a haber e que obriga a ese funcionamento precario, tendo que levar a outras plantas, o que encarece o prezo por tonelada, agravado por un canon que impón o Goberno de España de 30 euros por tonelada por cuestións de sustentabilidade; ten que darse un equilibrio económico-financieiro nese tipo de servizos e co que se paga actualmente non dá para os custos que hai que asumir sen prestar un servizo deficitario. Van incluír unha dación de conta todos os meses, como se viña realizando habitualmente, con toda a actividade do Consorcio As Mariñas.

O Sr. Chouciño Garrido di que o Consorcio é un organismo local que ten os seus órganos directivos, sendo un deles o Pleno do que o Sr. Rioboo Castro, como alcalde, forma parte, e que ten esas carencias democráticas onde ningún dos concelleiros que restan da Corporación municipal participa agás a Asemblea, que está nos estatutos, na que participan todos os concelleiros de todos os concellos que forman parte do Consorcio, pero ben é certo que neste sentido fálase dunha entelequia porque a Asemblea non se reúne nunca, non ten ningún tipo de competencia, e só se reuniu unha vez, cando se propuxo extingui-lo. Aínda que só sexa de forma simbólica os concelleiros e concelleiras de cada Corporación deberían ter información do que ocorre no Consorcio e, se hai un informe da Intervención, debera facerse chegar e non enterarse pola prensa, engadindo que isto é xa unha cuestión de dignidade da Corporación de Culleredo porque non é normal que cando a calquera concelleiro ou concelleira, de calquera grupo político, se lle presunta pola rúa que hai da subida do lixo, teña que contestar que non sabe nada. Pregunta tamén onde anda o alcalde, porque nin foi á comisión informativa nin á Xunta de Voceiros e cando piden unha explicación da actividade municipal ninguén sabe nada e todos remiten ao Sr. Alcalde, e lembra unha vez máis que as axendas dos membros do Goberno non están publicadas e lembra tamén a obriga que teñen de telas publicadas.

C.I.F. P-1503100-H

10.2.5.- Preguntas presentadas no Rexistro municipal en data 27/09/2023 (registros de Entrada 2023/10431 e 2023/10435 pola concelleira do **Grupo municipal do Partido Popular de Culleredo**, Sra. Fernández González quen, que se transcriben na súa integridade:

"Como concejala del Grupo Municipal del Partido Popular de este Concello y dada la circunstancia de que ayer no nos dejó formular los ruegos y preguntas que queríamos espero me conteste con la mayor brevedad posible . Culleredo tiene un grave problema de aparcamiento en la zona urbana por lo que vecinos y propietarios de establecimientos nos trasladan la necesidad de una zona de carga y descarga para poder ejecutar su actividad empresarial, es por ello que desde este grupo municipal presentamos que se habilite una zona de carga y descarga en el Burgo en Avda. de la Coruña y en Vilaboa junto a la clínica veterinaria."

"Después de diversos encuentros con varios Policías Locales y a la espera de una Reunión con el jefe de policía local a la que sorprendentemente se nos ha comunicado que debe ser por escrito y ser aprobada por usted .Me gustaría formularle varias preguntas que ruego me conteste lo antes posible. .Existe algún protocolo escrito para que los miembros de la oposición se reúnan con el jefe de policía local? si es así pido nos indique donde consultarlo . .Los uniformes de Policía Local están tan desgastados que les entra el agua ¿Cuándo piensan renovarlos? .Los de Protección Civil?"

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

.Nos puede indicar cuando van a cobrar las horas extras que se les adeuda del primer y segundo trimestre?"

Di que desde fai máis dun mes por fin conseguiu que se lle respondese ás preguntas transcritas despois de que non se lle deixase formulalas no anterior pleno sobre se existe algún protocolo para reunirse cos funcionarios do Concello. Di que presentou o escrito o 27/09/2023 e que segundo o artigo 14 do Real Decreto 2568/86 "La petición de acceso a las informaciones se entenderá concedida por silencio administrativo en caso de que el alcalde o la Junta de Gobierno no dicten resolución o acuerdo denegatorio en el término de cinco días a contar desde la fecha de la solicitud".

Pregunta se o Sr. Alcalde cre que se pode exercer o seu labor de oposición tardando tanto tempo en contestar. Di que o Sr. Alcalde lle contesta que non existe ningún protocolo e que o que ela solicita, que é reunirse co xefe da Policía Local, é unha reunión persoal. Lle di que ela, para unha reunión persoal, reúnese nunha cafetería pero que o que ela quere é coñecer os problemas da Policía Local e buscar solucións xa que o goberno municipal non o fai. O Sr. Alcalde leva o departamento da Policía Local e non sabe nin o que demandan os axentes, que levan máis de dez anos coas mesmas chaquetas e lles entra auga cando chove, estando o Concello obrigado a darlles dous uniformes anuais; cousas tan simples como as que mencionou o Sr. Chouciño nunha das súas intervencións, como é que non teñen nin folios. Pide que desde a Alcaldía se lle xestione esa cita na que agarda que lle trasladen todas as peticións para que ela llas traslade ao goberno municipal.

C.I.F. P-1503100-H

10.2.6.- Rogo presentado no Rexistro municipal en data 23/10/2023 (registro de Entrada 2023/11312) polo Sr. Golpe Faraldo, concelleiro do **Grupo municipal do Partido Popular de Culleredo**, que se transcribe na súa integridade:

«MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DEL CONCELLO DE CULLEREDO EN RELACIÓN AL MUSEO DE LOS MOLINOS DE ACEA DE AMA.

EL Grupo Municipal Popular del Concello de Culleredo, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El molino de Acea de ama es un elemento emblemático de nuestro concello Situado en uno de los puntos de mayor tránsito del municipio alberga el museo Andrés Pan Vieiro, y la sala de exposiciones Jose Rey Lago.

Desde hace años el concello empleó uno de los edificios como sede social, y el otro como una suerte de museo etnográfico, en el que se les mostraba a las visitas escolares el funcionamiento de los molinos de mareas, y poco más.

Estos molinos son unas piezas patrimoniales valiosísimas, ya que se estima que estuvieron en uso por más de 800 años.

Son los molinos de mareas, más antiguos de Galicia.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

El 7 de marzo del 2021 se anuncia una reforma integral que vendrá a dar una nueva imagen renovada al edificio, dicho anuncio cita textualmente "«Queremos poner en valor y recordar una parte muy importante de nuestra historia, seguir compartiendo esta pieza con las futuras generaciones», señala el alcalde, José Ramón Rioboo. Esta actuación forma parte de los planes de mejora y recuperación de espacios municipales patrimoniales."

una capita de pintura en la parte interior del edificio y poco más. En eso se quedó esa puesta en valor.

Además, nos encantaría saber también que fue de esos planes de mejora y recuperación de espacios municipales patrimoniales.

Su aspecto exterior es la peor tarjeta de presentación que podemos tener de cara al turismo en nuestro municipio, los molinos de Acea de ama lucen, igual que el resto de nuestro patrimonio histórico.

Abandonados y vandalizados.

El museo a pesar de que en internet se anuncia como abierto, permanece cerrado y las excursiones escolares poco a poco se han ido suspendiendo, hasta desaparecer, el edificio languidece, y se dirige hacia un futuro incierto.

C.I.F. P-1503100-H

Con la publicación en el Boletín Oficial de la provincia de las bases reguladoras del programa de Subvenciones, del martes 10 de octubre del programa f0216/2024 se nos facilita la oportunidad de gestionar este museo y mantenerlo abierto al público en general.

Un paquete de ayudas de la Diputación, destinado a la financiación del personal técnico de gestión cultural. Todo un despropósito sería dejar escapar esta oportunidad.

Otra necesidad urgente para nuestros elementos patrimoniales, y de los molinos de Acea de Ama en particular, es la de mejorar la seguridad de los mismos, protegerlos de los actos vandálicos, las pintadas, y los destrozos. Una opción económica y eficaz es la de colocar cámaras de vigilancia activa,

Teniendo en cuenta también la futura exposición de obras de José Rey Lago que se realizará, ya que así fue aprobada en el pleno Ordinario del 26 de septiembre, se hace necesario incrementar la seguridad en la sala de exposiciones.

POR ELLO SOLICITAMOS

1 Que nos acogamos a este programa de subvenciones a concellos para financiar los gastos de personal técnico para atención de museos, centros museísticos y centros de interpretación, para poder llevar a cabo la apertura del museo de Acea De Ama, de una forma regular.

2 Llevar a cabo las obras necesarias para "adecentar" el aspecto exterior de los molinos, que incluyen trabajos de pintura, reparación de compuertas de madera, y limpieza, muy necesaria, así mismo vigilar el correcto mantenimiento del interior que debería estar en buen estado, debido a la reciente reforma y el poquísimo uso que se le ha dado al edificio.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

3 Dotar al museo de un contenido atractivo al público, además de las obras de Rey Lago, ya que Culleredo es un municipio cuyos orígenes se remontan al neolítico, con asentamientos prerrománicos, y una importancia considerable en la edad media, estaría bien que se tuviera en cuenta el darle un repaso histórico a nuestro municipio.

4 De nada serviría llevar a cabo obras de limpieza y adecentado, si no se protege de alguna manera el edificio de los actos vandálicos, se hace absolutamente necesario la instalación de un circuito de cámaras de vigilancia. Es su obligación como gobierno de Culleredo extremar la protección de nuestros tesoros patrimoniales, asignatura en la sin lugar a dudas presentan ustedes unas descomunales deficiencias.

5 Elaborar un plan en coordinación con los centros de enseñanza, para llevar a cabo un programa de visitas escolares, con el fin de, germinar en las nuevas generaciones un sentimiento positivo de arraigo hacia nuestra historia, nuestro patrimonio y nuestra cultura.»

Resposta do Sr. Alcalde: toman nota do rogo e agradecen ao BNG e a Alternativa dos Veciños porque sen orzamento non se poden facer as cousas; que é moi fácil pedir pero sen presuposto non se pode facer nada.

O Sr. Golpe Faraldo di que o Partido Socialista leva xa bastantes anos no goberno municipal e que esa zona leva xa moitos anos no estado que describe. No Pleno ordinario de data 26/09/2023 acordouse por maioría levar a cabo a restauración das obras de José Rey e, tendo en conta que nesa mesma sesión o Sr. Alcalde recoñeceu que non tiña nin idea de como levar a cabo dicha restauración, ata o punto de pedirle asesoramento a el mesmo, entende que o primeiro paso lóxico que se debe dar é pedir axuda a quen si saiba realizar esa labor, que é o departamento de Patrimonio da Xunta de Galicia; que por elo, e para que non se repita o ocorrido recentemente co cruceiro de San Ramón de Castelo, no que o goberno municipal tardou seis meses en realizar unha primeira comunicación oficial con Patrimonio nun trámite telemático que non leva máis de dez minutos facer, quere preguntarlle ao Sr. Alcalde ou á concelleira de Cultura, se procede, que pasos se levaron a cabo xa para o inicio da restauración de ditas pezas, se hai unha comunicación oficial con Patrimonio, se tiveron algún encontro coa familia de José Rey Lago, ou se o goberno municipal vai presentar algunha outra solución alternativa.

Resposta do Sr. Alcalde: respecto á restauración da obra de José Rey Lago, el si sabía como facela. O que non sabía como facela era o Sr. Golpe Faraldo. No tema do cruceiro de San Ramón, di que houbo unha comunicación verbal entre os técnicos municipais e os técnicos da Xunta e que quen se ten que facer cargo é Patrimonio da Xunta de Galicia. Piden que sexa o Concello o que custodie o cruceiro e así se fixo, engadindo que descoñece os trámites posteriores que se puideran facer e que en canto os coñeza llos trasladará.

O Sr. Golpe Faraldo di que ten dous informes, un da Xunta de Galicia e outro do concelleiro de Obras. Di que no atestado policial xa se recolle que o primeiro paso que hai que dar é avisar a Patrimonio da Xunta de Galicia, algo que se recolle xa o 14 de decembro, o mesmo día en que ocorre o accidente co cruceiro. Nos dous informes se constata que a primeira comunicación oficial do

C.I.F. P-1503100-H

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

Concello coa Xunta de Galicia se produce o 27 de xullo do 2023, seis meses despois.

O Sr. Alcalde-presidente di que é unha pena que o Partido Popular non avisara a Patrimonio para que recollera o cruceiro e o arranaxara.

O Sr. Golpe Faraldo di que xa o fixo.

O Sr. Alcalde-presidente o agradece.

10.2.7.- Rogo presentado no Rexistro municipal en data 19/10/2023 (registro de Entrada 2023/11153) polo Sr. Leites Maneiro, concelleiro do **Grupo municipal do Partido Popular de Culleredo**, que se transcribe na súa integridade:

«MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO INSTALACIÓN DE RED WIFI EN TODAS LAS INSTALACIONES DEPORTIVAS MUNICIPALES

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente

Exposición de Motivos:

El acceso a la tecnología y a la conectividad se ha convertido en un elemento fundamental en la vida de nuestros ciudadanos. La pandemia de COVID-19 ha demostrado de manera evidente la importancia de la conectividad en la vida cotidiana, tanto en el ámbito educativo como en el laboral, y en la capacidad de mantenerse informado y conectado con amigos y familiares. Por tanto, el acceso a la red WiFi se ha vuelto esencial, no solo en el ámbito doméstico sino también en espacios públicos.

En este sentido, las instalaciones deportivas municipales son centros de actividad social y deportiva que congregan a numerosos ciudadanos, incluyendo a niños, jóvenes, adultos y personas mayores. La instalación de una red WiFi en estas instalaciones no solo mejorará la experiencia de los usuarios, sino que también permitirá una mayor flexibilidad y oportunidades para la realización de eventos deportivos, retransmisiones en vivo, capacitación deportiva en línea y acceso a información relevante sobre actividades deportivas.

Considerando que:

- 1. El acceso a Internet se ha vuelto esencial en la sociedad actual, influyendo en la educación, la comunicación, el trabajo y el entretenimiento.*
- 2. Las instalaciones deportivas municipales son utilizadas por una amplia gama de ciudadanos, incluyendo estudiantes que pueden necesitar conectividad para fines educativos, deportistas que desean monitorear su progreso y entrenadores que requieren acceso a recursos en línea para su capacitación.*
- 3. La instalación de una red WiFi en instalaciones deportivas puede aumentar la versatilidad de estos espacios, permitiendo la retransmisión en vivo de eventos*

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

deportivos, actividades de aprendizaje en línea y una mayor promoción de actividades deportivas.

Por lo tanto, proponemos:

1. Que se instale una red WiFi en todas las instalaciones deportivas municipales, con el objetivo de proporcionar acceso gratuito a Internet para los ciudadanos que las utilizan.
2. Que se destine un presupuesto adecuado para llevar a cabo la instalación de la red WiFi, garantizando la calidad y la seguridad de la conexión.
3. Que se establezcan políticas de uso responsable de la red WiFi, asegurando que se utilice para fines legítimos y sin abuso.
4. Que se promocióne la disponibilidad de la red WiFi en las instalaciones deportivas municipales, informando a la comunidad a través de canales de comunicación adecuados.

Finalización: La instalación de una red WiFi en nuestras instalaciones deportivas municipales, será un paso significativo hacia la modernización y adaptación a las necesidades de nuestros ciudadanos en un mundo cada vez más conectado.

Este proyecto no solo mejorará la calidad de vida de nuestros ciudadanos, sino que también fortalecerá la posición de CULLEREDO como una comunidad en progreso y comprometida con el bienestar de sus habitantes.»

Resposta do Sr. Alcalde-presidente: existe un prego en contratación para este tema que tivo unha serie de reparos e uns axustes que tiveron que realizar os servizos informáticos no que se recolle o indicado polo Partido Popular e outros lugares, edificios municipais, centros cívicos, etc.. Di que llo facilitarán por se botaran en falta algo para que fagan as suxerencias que consideren.

10.2.8.- Preguntas feitas "in voce" pola voceira do Grupo municipal do Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu:

Unha das primeiras preguntas está relacionada cunha das intervencións feitas polo Sr. Chouciño Garrido respecto do acordo de ERTE entre a empresa prestadora do servizo de limpeza viaria e os seus traballadores, que recolle que o ERTE se extinguiría se o Concello indemnizase á empresa polo enriquecemento inxusto da Administración por seguir pagando os mesmos prezos que hai once anos e pregunta que opina o Sr. Alcalde do ERTE comunicado pola empresa prestadora dos servizos de limpeza viaria, se considera que a oferta formulada é razoable para garantir o servizo durante o tempo que resta ata a adxudicación legal do novo contrato e, de non ser así, que actuacións inmediatas ten previsto levar a cabo para restaurar a legalidade e garantir o normal e eficiente funcionamento dos servizos públicos afectados.

Resposta do Sr. Alcalde: xa respondeu a ditas preguntas na intervención do Sr. Chouciño Garrido. El non ten que opinar sobre a actuación da empresa respecto do ERTE senón que ten que velar porque se cumpra co servizo no Concello. El non entra nas interioridades de cada empresa e hai múltiples formas xurídicas para afrontar as dificultades que mes a mes poidan ter as

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18101JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

empresas e a empresa elixe a que considera máis adecuada. Neste caso os propios traballadores, en asemblea, cre que case por unanimidade, acordaron aceptar as condicións que marcou a empresa. Iso son relacións empresa-traballador e o Concello, a través do servizo de Contratación, ten que vixiar a actuación para garantir a prestación adecuada dos servizos.

A Sra. García Gorostizu lle recorda ao Sr. Alcalde as súas palabras no pleno extraordinario sobre que o goberno municipal non ía admitir un ERTE e que había que salvagardar aos traballadores e traballadoras dos servizos municipais.

O Sr. Alcalde-presidente di que mantén o dito.

A Sra. García Gorostizu formula a súa segunda pregunta e di que se publicou estes días no portal de transparencia a licitación da construción dun centro social en Los Olivos-Vallesur, actuación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible CulleredoVivo, cofinanciado polos fondos Edusi. Di que a última noticia trasladada ao seu Grupo municipal nunha das preguntas feitas é que a prórroga para a execución dos investimentos con cargos aos fondos Edusi era ata decembro do 2023 polo que quere preguntar se se solicitou outra prórroga para a execución dos fondos Edusi e se foi outorgada, que grao de execución se conseguiu deses fondos Edusi e candos cargos se van a perder por non ter sido capaces de executar as obras planeadas no tempo estipulado.

Resposta do Sr. Alcalde: pedira aos servizos responsables de dita subvención que elaboren un informe ao respecto para darlle a información que solicita. Desde a FEMP se está a xestionar unha nova prórroga dos fondos Edusi dado que o nivel de execución en toda España é inferior a un 30%. Desde os servizos municipais se van negociar novos investimentos que estean dentro do marco dos Fondos Edusi, dos fondos FEDER e que permitan un nivel de execución alto.

A Sra. García Gorostizu presenta a súa terceira pregunta e di que no Pleno de orzamentos, do mes de marzo, o Grupo municipal do Partido Popular de Culleredo preocupouse pola partida que lles pareceu moi pequena para a axuda de emerxencia destinada ás familias que o necesitan do Concello. Lembra as palabras do Sr. Alcalde dicindo que ningunha familia pasaba necesidades no Concello de Culleredo e que se fixera falta esa partida se aumentaría. Mañán é día 1 de novembro e ao seu Grupo lle chegaron numerosas queixas de familias ás que non lles chega a axuda de emerxencia e que o Concello tarda meses en tramitala xa que non hai persoal suficiente para facer fronte a unha demanda tan alta. Pregunta que porcentaxe deses 600.000 euros presupostados chegaron realmente ás familias, candos cartos se gastaron nesa axuda de emerxencia e se hai previsión de aumentar dita cantidade para facer fronte ás necesidades de moitos veciños de Culleredo.

Resposta do Sr. Alcalde: solicitará o dato para darlle a información. Hai una circunstancia que é que nos fondos de emerxencia hai persoas que teñen necesidade e non reúnen os requisitos necesarios para recibir a axuda.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG18I01JI | USG/2023/191 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 5C34 2U6D 1209 3A2H 0ZRN | |

A continuación o Sr. Alcalde di que hai unha solicitude de intervención no Pleno do Sr. Ramón Ponte e que, aínda que non reúne os requisitos necesarios para elo, lle vai dar o uso da palabra.

Ao non atoparse no Salón o Sr. Ramón Ponte, o Sr. Alcalde-presidente di que se lle autorizará a intervir na seguinte sesión plenaria se así o desexa.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e cincuenta minutos (22:50 h.) do día expresado "*ut supra*", a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como Secretario municipal accidental, dou fe.

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde, e do secretario municipal accidental, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

C.I.F. P-1503100-H